

A desnasalización vocálica no galego medieval*

Ramón Mariño Paz

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Neste artigo trátase de demostrar a validez da seguinte hipótese de partida: en galego a desnasalización vocálica comezou a darse mesmo antes do século XIII, é dicir, antes de que esta lingua inaugurase o seu período literario. A exposición dos datos tirados de fontes medievais culmínase coas reflexións suscitadas polos resultados da desnasalización que actualmente se observan nas falas de orixe galega que se conservan no noroeste cacereño (Extremadura – España).

Palabras chave: Lingüística histórica - Galego medieval - Desnasalización vocálica.

ABSTRACT

This paper intends to prove the following initial hypothesis: vowel denasalization began in Galician even before 13th century, that is to say, before written literature had been reported in this language. The exposition of data from medieval sources finishes with the reflections provoked by the denasalization results that are present nowadays in the dialects of Galician origins that are preserved in the Northern Cáceres (Extremadura - Spain).

Key Words: Historical Linguistics - Medieval Galician - Vowel denasalization.

Data de Aceptación: maio de 2001

* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *Gramática histórica da lingua galega*, posto en marcha polo Instituto da Lingua Galega coa subvención económica da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

1 Nas voces latinas só farei indicación da cantidade das vocais longas e só utilizarei o símbolo [ː] cando, eventualmente, desexa chamar a atención sobre a cantidade breve dunha vocal.

1. PRESENTACIÓN DA CUESTIÓN E HIPÓTESE DE PARTIDA

O debilitamento e final desaparición das consoantes nasais alveolares e breves situadas en posición intervocálica dentro das palabras patrimoniais do romance galego non se produciu sen que sobre as vocais colocadas inmediatamente antes de tales consoantes quedase un rastro, o da resonancia nasal, que chegou a investirse de pertinencia fonolóxica. Ese debilitamento e final desaparición de consoantes nasais intervocálicas débese relacionar, na miña opinión, coa probable tendencia a seren absorbidas polas vocais precedentes que elas mesmas nasalizaran: estaríamos, así, ante o estadio final dun proceso asimilatorio (vocal oral + consoante nasal heterosilábica > vocal nasalizada + consoante nasal heterosilábica > vocal nasal). Inicialmente debeu de haber, por tanto, unha nasalización regresiva, que se produciría ó anticiparse ata a emisión da vocal precedente o descenso do veo do padal que se verifica cando se articula unha consoante nasal (cf. Pérez 1982: 202-203; Sampson 1999: 2-5, 25-28; Sletsjøe 1959: 34). As vocais así nasalizadas adquirirían rango fonémico cando, logo de ser eliminada a consoante nasal adxacente, a nasalidade da vocal deixase de ser predicible por non estar xa asociada a ningunha consoante e pasase entón a facerse distintiva (cf. Sampson 1999: 25).

Dado que, como ben se sabe (cf. Lorenzo 1995: 653; Ferreiro 1995: 37), a resonancia nasal elevou desde antigo as vocais medias abertas, en posición tónica o galego arcaico debeu de desenvolver un subsistema vocálico composto por cinco fonemas nasais, con tres distintos niveis de altura e tres puntos de articulación (anterior, posterior e nin anterior nin posterior):

	ANTERIORES	POSTERIORES
Nivel 3 (vocais altas)	/ĩ/	/ũ/
Nivel 2 (vocais medias)	/ē/	/ō/
Nivel 1 (vocal baixa)		/ā/

A presenza ou ausencia do trazo da resonancia nasal das vocais tónicas chegou a ter efectivamente relevancia fonolóxica, como demostran pares de palabras tales coma *māo* (< MANU¹) / *mao* (< MALU), *fēo* (< FĒNU) / *feo* (< FOEDU), *cozīa* (< lat. vg. COCĪNA) / *cozía* (lat. vg. COCĒBAM, COCĒBAT), *bōa* (< BONA) / *voa* (< VOLAT)², *lūa* (< LŪNA) / *lúa* (< LŪDAT, de LŪDERE 'luír, desgastar'). Con todo, o rendemento funcional destas oposicións era sen dúbida baixo, circunstancia que, con certeza, minaba a precaria estabilidade dun sistema vocálico así constituído e deixaba expedito o camiño cara á eliminación da nasalidade vocálica. Na actualidade o galego común e a inmensa maioría das súas variedades (coa

2 A confluencia en /b/ dos resultados de lat. /b-/ e lat. /w-/ é de certo moi antiga, con raíces profundas no galego falado antes do século XIII (cf. Lorenzo 1993: 13-18; Maia 1986: 482-483; Mariño Paz 1998: 113-114). Por outra parte, a disimilación entre unidades vocálicas de similar grao de abertura (/a/ e /ɔ/) conduciría xa anti-gamente ó resultado /boa/ (< VOLAT).

única excepción da ancaresa) non teñen fonemas vocálicos nasais, mais si importantes niveis de nasalidade vocálica alofónica.

Minoritariamente tamén se xeraron vocais nasais tónicas ou átonas como consecuencia de nasalizacións progresivas causadas por consoantes nasais situadas en posición explosiva: MEA(S) > *mīa(s)* (LP, CT, MS), *mīa(s)* (CT) > *miña* (CSM, TC); MEDICĪNAS > *mēezīas* > *menciñas* (CVGR); NEC ŪNA > *nēhūa* (TC, GE...), *njhūa* (TC, GE...) / *nēgūa* (HT), *nīgūa* (HT); NĪDU > *nīo* > *njño* (HT), *nyño* (HT); probablemente REDIMERE > *remīir* (CSM), etc. Discutibles considero casos coma MŪLU > *mūu* (LP) (xunto a *mūar* e *mūacho*, tamén na LP) e (DIS)NŪDU / -A > *nuū* (LP), *nūa* (LP), *desnūu* (GE), *desnūus* (GE), pois os seus tiles, que aparecen moi esporadicamente, poden non ser outra cousa ca casos de contaminación gráfica sen ningún valor fonético. Obsérvese, ademais, que, mentres que nos descendentes de MEA, MEDICĪNA, NEC ŪNA ou NĪDU o valor nasal do til é seguro porque neles acabou por consolidarse unha consoante nasal palatal ou velar en posición prenuclear ou posnuclear, non ocorreu nada equiparable coas solucións de MŪLU e NŪDU / -A.

As consoantes nasais alveolares intervocálicas desaparecidas tamén provocaron o xurdimiento de vocais nasais en posición átona pretónica e en posición átona postónica, mais nestes contextos a resonancia nasal das vocais non chegou a ser un trazo que permitise opoñer pares de palabras e non tivo, por tanto, pertinencia fonolóxica. Vocais nasais en posición pretónica tíñanas, por exemplo, as palabras MANĒRE > *māer* (CSM) > *mēer* (TC), SĀNĀRE > *sāar* (CSM, TC, MS), GENERĀLE > *gēeral* (CSM, TC, GE), MINŌRE > *mēor* (CSM), INIMĪCU > *ēmigo* (CSM, TC), DĒNĀRIU > *dīeiro* (CSM), *dīeyro* (CSM), MINŪTŌS > *mīudos* (CSM), MONĒTA > *mōeda* (CSM), lat. vg. MONISTĒRIU > *mōesteiro* (CSM, MS), *mōosteiro* (MS), FŪNĀRIU / -ŌS > **fūeiro* > *fueiro* (GVGH), *fungueiro(s)* (CVGR, CVFG, CVFLG, GVGH), JĀJŪNĀRE > *gejūar* (CSM), JĀJŪNĀBAT > *jajūava* (CSM)... Para a posición postónica son escasos os testemuños medievais con resonancia nasal indicada, probablemente porque neste contexto a tendencia para a desnasalización é antiquísima; así e todo, pódense sinalar os casos de ORGANŌS > *orgōos* (GE, CT, HT), ORPHANA > *orfāa* (CT, HT), ORPHANU > *órfōo* (CT), SABANA > *savāa* (CSM), STEPHANU > *Estevāo* (CSM), *Esteuōo* (TC, MS), HOMINES > *omēes* (TC), *homēes* (MS)...

Así, pois, tanto en posición tónica coma nas posicións átonas sinaladas se constituíron, despois da desaparición da consoante nasal alveolar e breve en posición intervocálica, hiatos vocálicos en que era nasal polo menos a primeira das vocais implicadas, aínda que, como máis adiante veremos, a resonancia nasal debeuse de comunicar, cando menos en certos casos, tamén á segunda vocal, é dicir, a aquela que orixinalmente estaba situada despois da consoante nasal eliminada. Así mesmo, nalgunhas voces unha consoante nasal en posición prenuclear nasalizou a vocal que funcionaba como núcleo da sílaba.

De acordo con Lorenzo (1987: 455-456; 1988), eu non creo que no galego medieval se formasen vocais nasais fóra dos contextos en que houbo nasalización vocálica anticipatoria con eliminación do /-n-/ intervocálico ou nasalización progresiva. Non creo, por tanto, que se

formasen vocais nasais nos contextos en que unha vocal ía trabada por consoante nasal implosiva, interna (ACCENDO > *acendo*, LIMPIDU > *linpo*) ou final de palabra (CANE > *can*, AMANT > *aman*, LATRÖNE > *ladron*); ora ben, ó mesmo tempo afirmo que nestes contextos as vocais deberon de adquirir desde antigo certa resonancia nasal, mais sen que se chegase a eliminar a coda silábica consonántica. Nestas posicións o til de nasalidade a miúdo empregado nos textos medievais (*acēdo*, *līpo*, *cā*, *amā*, *ladrō*) debía de ser simplemente un recurso para representar a consoante nasal implosiva e, por tanto, unha opción gráfica alternativa ás representadas por <-n> (*acendo*, *linpo*, *can*, *aman*, *ladron*) e <-m> (*limpo*, *cam*, *amam*, *ladrom*). A opinión de que xa na lingua medieval había nestes casos vocal nasal sen apéndice consonántico, maioritaria desde hai máis de cen anos entre os especialistas en lingüística histórica portuguesa, semella basearse nunha inxustificada extrapolación da situación do portugués clásico e posclásico á da época medieval e na total ou case total ignorancia dos datos relativos ó galego moderno, que nos contextos anteriormente mencionados presenta sempre fonema vocálico oral seguido de consoante nasal implosiva, interna ou final de palabra. Consonante Lorenzo (1988: 313), a hipótese que permite encarar menos problemáticamente toda a historia do proceso en Galicia e en Portugal é a que consiste en supoñer “que o galego conserva todas as formas medievais sen alteración de ningunha clase (ou, en todo caso, co único cambio da consoante nasal alveolar en velar) e que, polo tanto, o portugués primitivo tamén tiña esta mesma pronuncia, que sería a propia, nun principio, de todo o Centro e Occidente peninsular, pois tamén o castelán presenta este mesmo sistema primitivo, aínda que sen chegar á pronuncia da consoante final como velar”. Ora ben, insisto en que isto non implica en absoluto que se negue que as vocais seguidas de consoante nasal homosilábica experimentaron certo grao de nasalización, que no caso de /ε/ e /ɔ/ supuxo en moitas falas a súa elevación ata /e/ e /o/, como vemos en DENTE > *d[‘ē]nte* > *d[‘ē̃]nte* (cf. ALGa 3, mapa 63) ou en FONTE > *ff[‘ō]nte* > *ff[‘ō̃]nte* (cf. ALGa 3, mapa 32); o que si se nega aquí é que en galego este proceso culminase na desaparición da consoante nasal implosiva.

Dada a prolongada duración con que adoitan producirse as mudanzas lingüísticas e debido ás importantes carencias de documentación con que debemos traballar para as épocas máis antigas do noso idioma, non nos resulta posible fixar uns límites cronolóxicos moi definidos nin para a aparición das vocais nasais no romance galego nin para os subsecuentes procesos de desnasalización. Aínda que o cambio se debeu de iniciar durante a época das monarquías xermánicas sueva e visigoda (sécs. V-VIII d. C.), cando o relativo illamento galaico impediría que esta novidade lingüística irradiase ata o centro e o sur da Península Ibérica, os máis antigos testemuños da perda de /n/ intervocálico que Veiga Arias (1983: 239-272) pode citar son só de mediados e finais do século IX. Entre estes primeiros testemuños predominan aqueles en que a vocal situada antes da consoante nasal desaparecida non era a tónica. Formas coma *amexeneiras* (Sobrado dos Monxes, ano 833) e *amexenarias* (Sobrado dos Monxes, ano 860), posibles híbridos de *ameixeiras* e *amaxanarias*, ou tamén *Maceneto* (Celanova, ano 986), probable cruzamento de *Macedo* con *Manzaneto*, pódense considerar xa probas

indirectas da consumación da mudanza. Testemuños directos dela serían, entre outros, un *Hermegildo* no canto de *Hermenegildo* que se usa a miúdo na documentación de Sobrado dos Monxes desde 887, un *Faramontaos* en lugar de *Faramontanos* do arquivo de Celanova (ano 972) ou os *Laias* (993) e *lagias* (995) tamén celanovenses que deben de proceder da base hispano-latina LAGENA(S). Ó encontro dos de Veiga Arias veñen os datos de finais do século IX que se poden tirar da Carta de Fundación da Igrexa de Lardosa (actual concello de Penafiel, no norte de Portugal) do ano 882, onde se len *moastica* no canto de *monastica* e *elemosias* por *elemosynas* (cf. Emiliano 1999: 15, 33; Sletsjøe 1959: 197).

Dos séculos IX e X para diante, o número de testemuños que se poden citar vai en aumento e en non poucas ocasións é de sospeitar que o <n> gráfico que se le en bastantes manuscritos latino-galaicos ou latino-portugueses non sexa outra cousa que un recurso utilizado non para representar a consoante nasal intervocálica do latín, senón para dar conta da resonancia nasal que no romance adquiriría a vocal anterior a ela antes da súa caída (cf. Maia 1986: 579-580). Isto é o que cabe sospeitar, por exemplo, de formas coma *genolarias* <*GENUCULĀRIAS (Sobrado, anos 1152-1180) que se citan no traballo de Veiga Arias (1983: 240-241), e isto é tamén o que postula Cintra (1990: 50-51) para os *bona*, *Cebolano*, *irmana*, *Martino*, *sanar*, *senara*, *uino*, *una* e *uno* da *Noticia de torto* (ca. 1214), o famoso texto notarial bracarense onde, de par das formas anteriores, se detectan outras dúas en que, sendo evidente a caída de /n/ intervocálico, se omitiu todo sinal explícito de nasalización vocálica: *fimento* <*FINIMENTU e *fíidos* <FINĪTŌS (onde as plicas colocadas sobre as vocais pretónica e tónica deben de ser, como máis adiante veremos, marca do hiato de vocais homorgánicas e non de resonancia nasal). Xunto a estes poderíanse colocar os datos doutro texto primitivo redactado en romance galego, o *Testamento de Estevo Pérez* (1260), onde se encontran *donazñ*, *irmanus*, *Marina*, *cortina*, *Stefano* e, como testemuño incontestable da desaparición da consoante nasal intervocálica, *quirmáá* <CO(N)GERMĀNA (cf. Souto Cabo 1996: 132-134). Con todo, tendo en conta o recoñecido conservadorismo gráfico latinizante característico de moitas das primeiras tentativas de escritura en romance, débese considerar como moi plausible que en ocasións coma estas e noutras semellantes o mantemento de <n> gráfico en posición explosiva interna obedecese simplemente ó respecto dos hábitos escriturarios secularmente herdados, e non a un desexo de marcar propositadamente a resonancia nasal da vocal afectada pola consoante /-n-/ eliminada en fase románica.

En todo caso, fose utilizado ou non o grafema <n> co propósito de representar unha resonancia nasal nos casos anteriormente mencionados, os datos seguros que temos sobre o inicio do proceso da perda de /n/ intervocálico e sobre a evolución das vocais que o precedían na Baixa Idade Media e no tempo posterior permítenos afirmar con seguranza que desde antes do século IX había vocais nasais no romance galego. Ora ben, os inicios da súa desnasalización semellan deberse situar tamén en tempos recuados, particularmente no caso das vocais situadas en posición átona. Indicios de tal desnasalización témolos desde o mesmo momento en que comeza a constituírse unha tradición de escrita galega no século XIII e,

segundo Lorenzo (1995: 662), a partir do século XIV esta tendencia intensifícase, con solucións gráficas cada vez máis habituais coma *irmao*, *irmaa*, *boa* ou *alguu*. Estes datos, obviamente, obrigan a supoñer que a desnasalización comezou a darse antes do século XIII, e que é simplemente a carencia do necesario volume de documentación románica máis antiga o que nos impide certificar a evidencia. Esta será a hipótese de partida do presente traballo, co que pretendo analizar se dos datos resultantes da pescuda que emprendo se desprende que as formas gráficas dos textos galegos baixomedievais a avalan ou non.

2. CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

Nas páxinas que seguen analizarei estes inicios e progresos do proceso de desnasalamento vocálico tal como poden observarse nas fontes medievais que consultei. Certamente, a empresa bate cun primeiro problema metodolóxico que, en realidade, asedia con máis ou menos virulencia a totalidade das investigacións en lingüística histórica: as fontes de estudio con que contamos son insuficientes e non reúnen os requisitos desexables para acometer con todas as garantías o traballo. En efecto, os nosos textos medievais poden non transparentar suficientemente os procesos de desnasalización que daquela estaban en marcha, pois, coma calquera outra manifestación da escritura, non estaban concibidos para reproduciren escrupulosamente a lingua oral do momento, senón para transmitiren uns contidos mediante o emprego dun código axustado a uns hábitos escriturarios máis ou menos establecidos. Tratarei, por tanto, de manter todas as cautelas necesarias para non confundir groseiramente as dimensións gráfica e fónica da lingua galega medieval e procurarei superar estas limitacións tomando puntos de referencia alleos ó período estudiado que contribúan a aclarar as vicisitudes dos procesos que pretendo estudar. Eses puntos de referencia externos serán sobre todo dous: o galego moderno, moi ben coñecido a través dos diversos estudos de dialectoloxía desenvolvidos nas últimas décadas, e os dialectos estremeños con raíces no galego medieval que aínda hoxe se falan nas tres localidades do noroeste cacereño chamadas Sa Martín de Trevellu, As Ellas e Valverdi do Fresnu (de nome oficial español San Martín de Trevejo, Eljas e Valverde del Fresno). Naturalmente, tamén terei en conta os resultados do portugués moderno cando isto me pareza oportuno.

Sendo estes os termos en que proxectei o traballo que aquí vou presentar (unha pescuda nos textos medievais que teña en conta, como referencia externa e punto de chegada coñecido, os resultados modernos), pareceume que a exposición se debería organizar tomando como guía precisamente as solucións que se impuxeron maioritariamente no galego posmedieval (ou mesmo, nalgúns casos, no tardomedieval), para así comprobar metodicamente se tales solucións xa se prefiguraban nas fontes dos séculos XIII, XIV, XV e XVI. Tratarei, por conseguinte, de achegar datos e reflexións sobre a cronoloxía deste conxunto de mudanzas derivadas da desnasalización vocálica galega, que poden parangonarse sen ningunha estridencia

coas pautas xerais detectadas para outras linguas románicas. Nesta familia de linguas, como observa Sampson (1999: 28, 208), o resultado da desnasalización vocálica pode ser simplemente unha vocal oral, mais tamén unha secuencia composta de vocal oral (con probable nasalización alofónica) e consoante nasal; neste segundo caso, o tipo de consoante que se xere dependerá tanto da posición silábica coma do contexto fonético en que o cambio se produza, sendo de particular importancia as características da vocal precedente. No meu traballo os resultados da desnasalización vocálica presentaranse en cinco grandes bloques para os que poderán abrirse distintas divisións internas: 1) casos de desnasalización xeneralizada e completa; 2) casos de desenvolvemento (ou non) dunha consoante nasal na marxe silábica posnuclear; 3) casos de desenvolvemento xeneralizado dunha consoante nasal velar na marxe silábica posnuclear; 4) casos de desenvolvemento (ou non) dunha consoante nasal na marxe silábica prenuclear; e 5) casos de xeración (ou non) do grupo consonántico heterosilábico /ŋg/ ou /ŋg/. Para a explicación das distintas solucións medievas e posmedievas terei en conta as restricións que rexen en galego para a composición das codas silábicas.

Hai aspectos importantes do proceso de desnasalización que non podo tratar por extenso neste artigo debido ás limitacións de espacio a que debo atermo. ¿Desnasalizáronse todas as vocais sincronizadamente, con ritmos de avance idénticos ou parecidos? ¿Desnasalizáronse antes as vocais máis baixas e máis tardiamente as máis altas? ¿Desnasalizáronse as palatais antes cás velares? ¿É posible dicir algo sobre as dimensións social, contextual ou xeográfica que esta variable (vocais con / sen resonancia nasal) tería no galego medieval? Os coñecementos que hoxe temos sobre a maneira de se produciren as mudanzas lingüísticas fanme supoñer que as transformacións non se consolidarían simultaneamente en todos os supostos anteriormente mencionados, senón con ritmos diferentes en cada caso e mesmo con diferencias entre unhas palabras e outras, a través do coñecido proceso de difusión léxica do cambio. Así mesmo, a sociolingüística variacionista contemporánea obrígame a supoñer que esta mudanza se daría sobre a base dun previo estado de variación entre solucións nasalizadas e desnasalizadas que se distribuírían de determinadas maneiras ó longo dos eixes xeográfico, social e contextual. Estas e outras cuestións deberanse analizar con detalle noutros traballos.

As fontes medievas que explorei son as seguintes, cronoloxicamente distribuídas e acompañadas das siglas que utilicei para referirme a elas abreviadamente:

1. Textos literarios ou historiográficos:

- 1.a. Século XIII: *Cantigas de Santa María* (CSM).
- 1.b. Séculos XIII-XIV: *Lírica profana galego-portuguesa* (LP) e *Traducción galega da Primera Crónica General e da Crónica de Castilla* (TC).
- 1.c. Século XIV: *Geral Estoria* (GE), *Crónica Troiana* (CT), *Historia Troiana* (HT) e *Fragmento dun Livro de Tristán* (FT).
- 1.d. Século XV: *Miragres de Santiago* (MS) e *Crónica de Santa María de Iria* (CI).

2. Textos notariais:

- 2.a. Documentos editados por C. de Azevedo Maia (1986): *História do galego-português* (HG-P) (sécs. XIII-XVI) que foron redactados en territorio administrativamente galego.
- 2.b. Documentos editados por M. C. Barreiro García (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico* (CN).
- 2.c. F. R. Tato Plaza (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)* (AP).

As análises parciais e globais que se fagan deberán ter presente a imprescindible diferenciación entre os dous grandes tipos de texto que acabo de marcar: literarios ou historiográficos, por unha banda, e notariais, por outra. Certamente, cada xénero implica unhas peculiares formas de produción e de recepción dos textos, o que pode derivar en diferencias no tocante ós hábitos escriturarios e ós usos gráficos prevalectes en cada caso. Ademais convirá realizar análises particularizadas para cada texto, pois probablemente se descubrirán singularidades dignas de seren comentadas.

Antes de dar paso á exposición e á interpretación dos datos recadados, resulta obrigado poñer o lector deste artigo en coñecemento de certas características dalgunhas das edicións de textos medievais que se utilizaron. Na súa edición das *Cantigas de Santa María* Walter Mettmann fixo unhas correccións que afectan de cheo o obxecto desta investigación:

Visto muitísimas veces ter sido esquecido o til, põem-se amiúde problemas difíceis a propósito da nasalização. São erros sem dúvida grafias como *romao, hua, menyo*. Mas como tratar os casos em que existiu uma ressonância nasal, mais tarde desaparecida, ou em que outros textos ainda atestam formas com e sem nasalização? Assim, por ex., *alumear, ameaçar, boa, geollo, demoes, deostar, moesteiro, perdoar, saydade, teudo, vaydade, veeron, veo* (3ª pessoa do perfeito de *vīr*).

Em tais casos, se nos manuscritos a forma com til é a habitual e esta se confirma através das lições dos restantes manuscritos, restabelecemos a forma mais antiga. Estas correções foram evidentemente assinaladas por meio de itálico. Aliás registrar-se-ão no glossário todas as variantes que tenham qualquer interesse (CSM, 35-36).

Convén ter en conta esta advertencia de Mettmann para logo, cando haxa que interpretar os datos tirados desta obra, facer as comprobacións e tomar as decisións que se estimen oportunas. Así e todo, adiantarei que esta intervención do editor alemán das *Cantigas de Santa María* non me parece inadmisiblemente falseadora, xa que, de acordo coas súas propias declaracións —un tanto confusas—, semella que para tomar a decisión de introducir un til alí onde non aparecía no manuscrito E da obra (o Códice Escorialense j.b.2) tiñan que se dar dúas condicións: 1) que a forma intervida levase habitualmente til noutras ocorrencias do mesmo códice E; e 2) que esta lección con til de nasalidade fose avalada polos restantes códi-

ces. Ora ben, o que creo que non se debe admitir das palabras de Mettmann é a súa desvalorización dos casos en que non se puxo til de nasalidade por consideralos simples erros do copista sen maior trascendencia, pois, aínda manténdolles a consideración de erros, coído que ben se pode tratar de erros condicionados pola realidade da desnasalización vocálica, unha mudanza fonética que xa no século XIII estaría en marcha nas falas galegas e tamén, aínda que con diferente alcance e distintas consecuencias, nas portuguesas. En todo caso, para as formas que tirei das *Cantigas de Santa María* comprobei que non contivesen restituicións do til debidas ó editor³; cando as houbo, introducín na miña base de datos a forma sen til que figura no códice E e indiquei a seguir a intervención de Mettmann. Ademais, o lector deste artigo debe saber que en certas ocasións o códice E ofrece unha forma con til de nasalidade cando algún dos outros manuscritos que conteñen as *Cantigas de Santa María* (o escurialense T.j.1, o toledano hoxe depositado na Biblioteca Nacional de Madrid e o da Biblioteca Nazionale de Florencia) presenta unha alternativa sen el, ou ben unha forma con <-n->: é o caso, entre outros, do *assūara* do verso 17 da cantiga 51, para o que no códice escurialense T.j.1 se le *assuara*, ou o do *demōyados* do verso 80 da cantiga 38, para o que noutros códices encontramos *demōniados* e *demoniados*. Tamén pode suceder que onde E ofrece <-n-> algún outro códice presente vocal con ou sen til de nasalidade: así, por exemplo, mentres que E presenta *cuminalmēte* no verso 49 da cantiga 222, no códice florentino lese *comūalmēte* en idéntico lugar. Creo que estas circunstancias se poderán ter en conta cando chegue a hora de facer un balance, mais, por non tornar excesivamente complexa esta análise con pormenores que probablemente non farían variar seriamente os resultados numéricos finais, decidín ignorar estas alternativas dos códices toledano, florentino e escurialense T.j.1. Por idénticas razóns, actuei de igual maneira coas outras fontes para as que se conserva máis de un manuscrito, optando sempre pola variante escollida como principal polo respectivo editor. En todo caso, queden anotadas aquí estas circunstancias como un indicio máis de que o uso gráfico do til con valor de resonancia nasal en textos galegos xa desde a segunda metade do século XIII non asentaba sobre realidades fónicas firme e unanimemente percibidas.

Por outra parte, tamén me pareceu necesario aterme estrictamente a E naquelas ocasións en que Walter Mettmann desenvolveu como <-n> posnuclear un til de nasalidade colocado sobre unha vocal. Isto é o que fixo, por exemplo, nos casos de *dess huñ* (CSM 233.59) e *nengū* (CSM 208.28), que se nos presentan como *dess huun* e *nengun*, aínda que facendo constar en nota de rodapé a forma que ofrece E. Probablemente eses tiles foron utilizados con valor consonántico, pero pareceume que non se lles debía escatimar este dato ós lectores deste artigo.

3 Cando unha voz presentaba máis de trinta ocorrencias nas *Cantigas de Santa María*, fixen só unha comprobación do 30 % do total. A porcentaxe de intervencións detectadas nesta mostra transplanteina despois ó conxunto das formas rexistradas. Actuei así nos casos de *avēo*, *bēeito*, *bēeita*, *bēeyta*, *bēes*, *bōa*, *chāo*, *chēo*, *crischāos*, *dōes*, *dāa*, *gēollos*, *hūa*, *māo*, *māos*, *menyo*, *mōesteiro*, *omēes*, *pēedença*, *pōer*, *reya*, *sāar*, *sāo*, *sōo*, *tēer*, *tīa*, *ūa*, *ūu*, *vēeron*, *vēo* e *vīr*.

O corpus lírico recollido no libro *Lírica profana Galego-Portuguesa* (1996), coordinado por Mercedes Brea, presenta para cada cantiga a edición que se considerou máis fiable entre as existentes, de modo que, como os seus propios responsables afirman, esta recompilación pódese considerar unha edición “ata certo punto ‘provisional’” coa que se pretendeu, entre outras cousas, “impulsar a realización de novas edicións das cantigas que o precisen, á vista dos datos que se ofrecen á consideración dos investigadores” (LP: I, 11). En vista disto, na procura das máximas garantías posibles para o estudo da delicada cuestión que analicei neste traballo podería tentar facer eu mesmo unha escolma das diversas edicións de poetas e de xéneros hoxe dispoñibles, ou ben acudir directamente ás edicións facsimilares da tradición manuscrita da nosa lírica profana medieval. Mais pareceume probable que un esforzo de tal magnitude non se vise finalmente recompensado co descubrimento de datos que viñesen a modificar seriamente os resultados desta investigación. Creo que, aínda admitindo de partida que na recompilación coordinada por Mercedes Brea se encontrarán en certos casos lecturas que traizoan a realidade gráfica dos manuscritos editados e, como consecuencia disto, tamén a realidade fonética medieval que lles subxace, unha consideración conxunta de todos os textos aí reunidos permitiría concluír que as distintas edicións seleccionadas —que son, non o esquezamos, as que se estimaron mellores— alcanzan un nivel de calidade medio que no tocante ós procesos de desnasalamento decorrentes na época medieval fará posible chegar a conclusións que, se en certos pormenores poderán ser obxecto de futuras correccións ou matizacións, en conxunto resultarán aceptables. Por outra parte, a recompilación titulada *Lírica profana Galego-Portuguesa* presentaba a incuestionable vantaxe de poder ser consultada en edición electrónica, o que para min se converteu nun argumento practicamente incuestionable a prol da súa utilización. Ademais, nada me impedía que, ante calquera sospeita que a recolla de datos nesta fonte puidese levantar, fixese todas as comprobacións necesarias tanto nas edicións facsimilares coma nas edicións críticas dispoñibles.

O que si representa, con certeza, un problema metodolóxico de imposible superación é o feito de que dous dos tres grandes códices a través dos que se transmitiu este legado poético medieval (o Colocci-Brancuti e o da Biblioteca Vaticana) sexan copias italianas feitas no século XVI, o que sen dúbida tivo consecuencias sobre as pautas de utilización dos tiles, que non se axustarán completamente ás dos escribas galegos, portugueses ou ibéricos en xeral dos séculos XIII e XIV. Ademais, por se isto non fose pouco, tanto o recoñecido carácter de koiné literaria que a lingua destas cantigas ten coma o feito de que os códices italianos tivesen como antecedente indirecto o lusitanizante *Livro de Cantigas do Conde de Barcelos* (ca. 1340-1350) reducen sensiblemente a capacidade desta fonte para nos transmitir información fidedigna a propósito das mudanzas en curso na lingua galega oral dos séculos XIII e XIV. Todo isto deberá ser considerado á hora de facer avaliación dos datos que nela se recaden.

Para a *Geral Estoria* e a *Historia Troiana*, precariamente editadas por Ramón Martínez López e Kelvin M. Parker respectivamente, tiven en conta as correccións que lle fixeron Ramón Lorenzo e Xosé Luís Couceiro (1999a, 1999b) á primeira e Ramón Lorenzo (1982) á segunda.

Fóra das reservas mencionadas para as *Cantigas de Santa María* e para a *Lírica profana Galego-Portuguesa*, as restantes fontes examinadas caracterízanse, entre outras cousas, polo respecto con que os seus editores (ou os correctores destes) mantiveron a grafía dos manuscritos no tocante ó emprego ou omisión de tiles ou plicas sobre as vocais afectadas pola presenza e posterior caída dunha consoante nasal intervocálica. Cando excepcionalmente isto non foi así, atívenme estrictamente á lección dos manuscritos: isto é que que fixen, por exemplo, nos casos de MS 128.13 e 130.1, en que o editor cambiou *alguas* por *alg[ũ]as* facendo a oportuna advertencia en nota de rodapé.

O valor das omisións de tiles como indicios do progreso da mudanza lingüística que neste artigo se analiza é hoxe xeralmente aceptado. Tal valor vénlles conferido polo simple contraste representado pola existencia dunha práctica escrituraria que nunhas obras medievais se respecta máis constante e ostensiblemente e noutras moito ou moitísimo menos, pero que con toda a certeza existiu: a de marcar cun til sobreposto as vocais que, colocadas antes dunha consoante nasal intervocálica alveolar e breve que se perdeu, se investiron dunha resonancia nasal. Inversa pero converxentemente, nesta análise tamén hai que considerar os non poucos casos en que por ultracorrección se puxo til de nasalidade sobre vocais que, dada a súa base etimolóxica, non puideron adquirir tal resonancia; falo de formas do tipo de *abraçõa* (CT 160.9), *cãeu* (CT 116.85), *leães* (CT 379.26), *Menelão* (CT 204.152, 204.156...), *Nicolão* (CT 516.39) e outras máis sinaladas por Ramón Lorenzo no seu estudio lingüístico da *Crónica Troiana* (CT: 103, 142), pero tamén de bastantes máis que se poden recadar en distintas fontes medievais en diferentes posicións:

- Pretónica: ACCADĒSCERE: *acãesçe* (GE 246.21); CALUMNIĀRE: *cõomar* (TC 627.7); JUDICĀRE: *desjuỹgad'* (LP 125.48).
- Postónica: ANGELŌS > *angēos* (GE 35.8), LAMPADAS > *lanpāas* (HT 282.25), POPULU > *pobõo* (GE 150.25, 157.30, etc.), *pouõo* (GE 202.34, 231.11).
- Tónica: AEQUĀLES > *ygoães* (GE 183.34); LIBERĀLES > *liberāes* (GE 18.9).

Canto ás plicas que sobre todo en textos dos séculos XIII e XIV se colocan por veces sobre vocais en hiato, xeminadas ou non (*ymáá*, *Fontáó*, *séér*, *sóó* < SOLU, *todó ó dia*, etc.), adoptei o criterio aconsellado por Pensado (FT: 19-20), Maia (HG-P: 324) e Lorenzo (1987: 457), é dicir, o de considerar que se trata de signos diacríticos que marcan o hiato e que, por conseguinte, non sinalan ningunha resonancia nasal. É significativo que estas plicas se puxesen con certa frecuencia non só sobre hiatos en que houbo vocais con resonancia nasal situadas antes dunha consoante nasal intervocálica perdida, senón tamén sobre hiatos en que tal resonancia non puido chegar a xerarse (*séér*, *véér* > VIDĒRE, etc.). Tamén podían marcar a xustaposición de dous grafemas idénticos, aínda que tivesen valores distintos, coma en *Gũ-calúú* (TEP 9, 12).

Prescindín para esta análise de distintas documentacións de interpretación discutible que, por outra parte, teñen unha mínima importancia cuantitativa no conxunto da mostra seleccionada. Formas coma *amenas*, *arenas*, *avelanal*, *avelanado*, *avelaneyras* ou *louçana*, usadas na lírica profana, foron interpretadas por algúns como arcaísmos fonéticos ou como mozarabismos, mais tamén se poderían considerar arcaísmos ou latinismos puramente gráficos. Ante a dúbida, decidín non as ter en conta neste estudio. En xeral, non entrarán no cómputo as formas con <n> gráfico mantido calquera que sexa a explicación que se lles deba dar (*comunal*, *comunalmente*, *contenente*, *donación*, *moneda*, etc.). En textos da segunda metade do século XIII e posteriores cada vez resulta menos probable que un <n> estea representando unha resonancia nasal da vocal anterior, polo que a consideración de formas coma as xa mencionadas introduciría un factor que podería distorsionar os resultados.

Considero que é unha simple reminiscencia gráfica latinizante (inducida polo <n> de VENĪRE ou de TENĒRE) a grafía <-nr-> con que por veces se escribían os infinitivos flexionados e non flexionados de verbos coma (*a*)*vījr* ou *tēer*. A meu parecer, non ten valor fonético o <n> de *avijnr* (GE, CT), *avíjnr* (GE), *vijnr* (TC, GE, CT, HT, CN, CI), *víjnr* (GE), *avíjnr* (GE), *viinr* (MS), *viynr* (MS), *víjnr* (GE), *vijnrem* (GE), *viinrē* (MS)⁴, *téénr* (HG-P), *teenr* (GE), etc.; poida que tampouco o teña o til dos complexos <-vocal con til + r-> de *avíjr* (HT), *theēr* (FT) e *vijr* (GE, CT, HT), e, de telo, non podería ser outro có dunha resonancia nasal da segunda ou das dúas vocais do hiato, nunca o dunha consoante nasal. No caso dos infinitivos non flexionados a dita falta de valor fonético resulta evidente, pois non sería posible un grupo consonántico homosilábico /nr/ na marxe posnuclear da sílaba en que aparecen as grafías mencionadas; cos infinitivos flexionados sería posible na dita posición a xeración dun grupo consonántico heterosilábico *çnr* nasal e vibrante (aínda que morfoloxicamente improbable), mais a excepcionalidade das tres documentacións de que aquí se fala aconsella interpretalas como analoxías puramente gráficas, é dicir, como casos en que unha forma gráfica posible e relativamente frecuente no infinitivo non flexionado se estendeu ata o infinitivo flexionado sen ningunha intención de marcar a existencia dunha coansoante nasal no contexto mencionado (de <víjnr> pasaríase a <vijnrem>). Obsérvase que os infinitivos flexionados con <-nr-> ocorren en textos en que tamén se dan os infinitivos non flexionados con idéntica forma gráfica (GE e MS). En principio, si poderían ter valor consonántico as mesmas grafías empregadas con formas verbais de futuro que se dan con certa frecuencia en textos dos séculos XIV e XV: *víjnr* (GE), *víjnrā* (GE), *víjnría* (GE), *vijnría* (GE), *víjria* (GE), *vijriam* (GE), *cōvījra* (HT), *viinrā* (MS), *viinría* (MS), *vijnrria* (CI). Mais non descarto que tamén aquí esteamos ante simples extensións dalgunhas das posibles formas gráficas dos infinitivos ata os futuros sintéticos; os textos en que máis abundan son de novo GE e MS, onde as ten-

4 Os contextos en que aparecen os infinitivos flexionados son os seguintes: “et os outros nō oquiserō créer pera se cō el vijnrem daquela terra” (GE 171.1), “et cōmo te nos El dou de víjnr tu aeste mūdo por maravilla, asy quer que sayas ende” (GE 227.12), “et vierō en eles por viinrē mais agina” (MS 215.2).

dencias para esta regularización gráfica alcanzarían a todos os tempos susceptibles de experimentalidade: infinitivos flexionados e futuros. En todo caso, dado que todo isto resulta opinable, considero prudente prescindir destas formas, que son poucas, á hora de facer cálculos sobre o grao de desnasalamento perceptible nas fontes medievais consultadas.

Tamén deixei a un lado unhas poucas formas de etimoloxía moi escura ou discutible, para as que resultaba moi comprometida a interpretación dos datos. É o caso de *ēata* (“da mui’ *ēata* / Morte”, CSM 182.63), adxectivo que Mettmann glosa como “suja, feia” (CSM: II, s.v.) e para o que Corominas e Pascual (DCECH, s.v. ENATÍO) postulan unha base INAPTA.

Propositadamente non considerei un caso coma REDIMERE > *remīr* (CSM) ou *remiir* (CSM, LP), xa que esta nasalidade vocálica, probablemente xerada progresivamente a partir da consoante /m/ interior de palabra, sen dúbida non chegou a xeneralizarse ó mesmo nivel en que o proceso se deu noutras voces en que tamén houbo nasalización progresiva (*min*, *miña*...) ou naquelas en que se perdeu unha consoante /n/ en posición intervocálica.

Non se debe esquecer, por outra parte, que algunhas palabras e algúns antropónimos (*moeda*, *moesteyro*, *Martins*, etc.) adoitan aparecer abreviados nos manuscritos, sendo o desenvolvemento de tales abreviaturas da enteira responsabilidade dos editores modernos. Así e todo, non creo que nestes casos as intervencións dos bos editores distorsionen seriamente a realidade lingüística subxacente, pois nas edicións preparadas con criterios filolóxicos rigorosos (coma as aquí utilizadas, coa excepción dalgunhas pezas de LP) a forma que adopta o desenvolvemento de cada abreviatura non se decide arbitrariamente, senón normalmente sobre a base dos casos en que a palabra abreviada aparece escrita por extenso. Para evitar todo risco de distorsión, por pequeno que fose, non considerei as voces de alto índice de frecuencia que aparecen en abreviatura, mais si aquelas menos comúns sempre que no texto en que ocorren se vise, ademais da variante ou variantes gráficas abreviadas, a variante gráfica plena.

Os resultados numéricos resultantes da análise efectuada expoñeranse en dezaoito táboas. Para non sobrecargalas innecesariamente, correndo ademais o perigo de lles restar eficacia comunicativa, soamente consignarei nelas tantos por cento, e non cifras absolutas. Con todo, darei indicacións sobre estas cando o estime oportuno. En principio decidín redondear eses tantos por cento de cinco en cinco décimas, ofrecendo só números exactos ou números que levasen á dereita a indicación de 5 décimas: falaría así sempre, por exemplo, de 24%, 25% ou 24.5%, pero non 24.3%, 24.6% ou 24.8%. Mais o encontro cos datos aconselloume non actuar así nas táboas 8, 9, 10, 11, 12, 13, 16 e 17, onde non era posible o redondeo sen falsear seriamente a realidade das cifras absolutas. En todo caso, quede claro que renuncio desde o inicio a toda va pretensión de irrefragable exactitude, aínda que manterei todas as cautelas e os controis necesarios para garantir que os resultados que ofrezca sexan completamente fidedignos.

En cada un dos epígrafes e subepígrafes da análise soamente tomei en consideración os datos de cada un dos textos seleccionados cando a suma das ocorrencias recollidas nesas sec-

cións ou subseccións foi igual ou superior a oito. De non facelo así, outorgaríalles unha relevancia inmerecida a datos pouco representativos que, ademais, poderían distorsionar as distintas medias por xéneros ou por períodos de tempo que se calculen. Así e todo, cando por este motivo prescindida dos datos dalgunha das fontes exploradas, advertireino en nota. Tamén chamarei a atención sobre a dubidosa representatividade dalgunhas mostras cando isto me pareza oportuno.

Son consciente de que, nun agrupamento de datos tan numerosos coma o realizado neste artigo, deberon de deslizarse algúns erros de interpretación que en certas ocasións serán da miña única responsabilidade e noutras se terán que explicar como discutibles intervencións dalgúns editores que escaparon ó meu control. Puiden cometer tamén, a pesar da parsimonia e os coidados que me impuxen, algúns leves erros de cómputo. Aspiro, con todo, a que a gran cantidade de datos utilizados na exploración sirva para diluír ata a insignificancia a importancia que os ditos erros, que espero fosen escasos, puidesen ter sobre os resultados finais da investigación.

3. CASOS DE DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA

Nun nutrido grupo de voces consagrouse no galego unha xeneralizada e completa desnasalización vocálica: xeneralizada por triunfar en todo o territorio galegófono coa única excepción da pequena área ancaresa (cf. Fernández Rei 1990: 48), onde actualmente é un fenómeno en recesión; completa porque a perda da resonancia nasal das vocais non ocasionou nestes casos a xeración de ningún tipo de consoante nasal. Vexamos en que medida os datos das fontes medievais consultadas anuncian ou incluso reflicten xa esta situación moderna, diferenciando a posición átona pretónica (GENESTA > *gēesta* > *xesta*), a átona postónica (FRAXINU > *freixēo* > *freixo*) e a tónica (CENTĒNU > *centēo* > *centeo*).

3.1. Posición pretónica

Na posición pretónica consagrouse a desnasalización completa e xeneralizada das vocais iniciais dos seguintes hiatos: /ã'a/ (SANĀRE > *sāar* (CSM, TC...) > *saar* (CSM, LP)); /ãa/ (gót. GANAN / xerm. W AidANJAN > *gāanar* (CSM, TC...) > *gaanar*⁵ (TC, HG-P...)); /ã'e/ (ANELLU > *āelo* > *aelo*), con paso a /e'e/ (*eeelo*); /ã'e/ (MANĒRE > *māer* (CSM, TC) >

5 Se, como afirma Lorenzo (cf. TC: II, 674), a forma *ganar* procede de *GANAN e as do tipo *gāañar* > *gañar* > *gañar* do cruzamento de *GANAN con W AidANJAN, eu creo que as solucións medievais do estilo de *gāanar* se deben interpretar como resultantes da perda de /n/ intervocálico no treito inicial da palabra e da palatalización de [nj] no final. Paréceme prudente deixar a un lado as formas do tipo de *guaannar/guaanhar* porque considero probable que deriven directamente de W AidANJAN, sen perda de consoante nasal intervocálica.

maer (LP)), con paso a /e'e/ (meer, MS); /ãe/ (*EXVANESCERE > *esvãesçer* (CSM) > *esvaesçer*); /ã'i/ (CHRISTIANĪSMU > *crístãissimo* > *cristaissimo* (TC)); /ãi/, con xeración do ditongo [æj] (VANITĀTE > *vãydade* (CSM) > *vaydade* (GE)); /ã'o/ (SANĀVIT > *sãou* (CSM) > *saou* (CSM, LP)); /ẽ'a/ (*ADLŪMINĀRE > *alumẽar* (CSM) > *alumear* (CSM)), con posible paso a /i'a/ (*alumi*ar, MS); /ẽa/ (MINĀCIA: *amẽaçar* > *ameaçar* (TC, GE)); /ẽ'e/ (*SINEXTRU > *sẽestro* (CSM, CT) > *seestro* (LP, GE...)), con posible paso a /i'e/ (*siestro*, MS); /ẽ'e/ (TENĒRE > *tẽer* (CSM, LP...) > *teer* (CSM, TC...)), con posible paso a /i'e/ (LŪMINĀRIA > *lumẽeira* (CSM) > *lumeeira* (CSM) > *lumieira*); /ẽel/ (GENERĀLE > *gẽeral* (CSM, TC...) > *geeral* (TC, HT...)); /ẽ'i/ (VENĪRE > *vẽir* > *veir*), con paso a /i'i/ (*vĩir* (CSM, LP...) > *viir* (LP, TC...)); /ẽ'o/ (DEHONESTĀRE: *dẽosto* (CSM) > *deosto* (LP, GE)), con posible paso a /i'o/ (LŪMINOSA > *lumeosa* (CT) > *luminosa* (CT)); /ẽol/ (DEHONESTĀRE > *dẽostar* (LP) > *deostar* (LP, CT...)); /ẽ'u/ (CONTINĒRE: *contẽudo* > *conteúdo* (HG-P)), con posible paso a /i'u/ (*contiúdo*, HG-P, CN); /ĩ'a/ (*VĪMINE: *vimĩal* (CN) > *vimial* (CN)), con probable xeración do ditongo [ja]; /ĩ'i/ (FINĪRE > *fĩir* (CSM) > *fuir* (LP)); /ĩi/ (VIRGINITĀTE > *virgũidade* (CSM) > *virgiidade* (GE)); /õ'a/ (PRAECŌNĀRĪ > *pregõar* (TC) > *pregoar* (TC, GE...)); /õa/ (CORŌNA: *corõamento* > *coroamento* (TC)); /õ'e/ (HONESTI > *Oeste* (AP)); /õ'e/ (ár. MUNĒDA > *almõeda* > *almoeda* (CSM, CN...)), con posible paso a /u'e/ (PERSŌNA: *persoeyro* > *persueyro* (HG-P)); /õel/ (ADMONESTĀRE > *amõestar* > *amoshtar* (TC)); /õi/ (MONIMENTU > *mõymento* (CSM) > *moymento* (TC, MS...)), con posible paso a /ui/ (*muymento*, HG-P); /õ'o/ (*corõou* (TC) > *coroou*); /ũ'a/ (AB-SUB-UNARE > *assũar* (CSM, LP) > *assuar*); /ũa/ (COMMŪNĀLE: *comũalmente* (CSM) > *comualmente*); /ũi/ (*EXCOMMUNIŌNE: *escomũyón* > *escomuyón* (CS, AP))⁶.

En primeiro lugar presento as porcentaxes de emprego e omisión de tiles tiradas da análise dos textos literarios e historiográficos examinados⁷:

TÁBOA 1. FORMAS E OCORRENCIAS CON E SEN TIL EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA. POSICIÓN PRETÓNICA

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
FCT ⁸	72.5 %	24 %	27.5 %	13.5 %	50 %	14 %	14 %	4 %
FST	27.5 %	76 %	72.5 %	86.5 %	50 %	86 %	86 %	96 %
OCT	85 %	36 %	27 %	12 %	64.5 %	12 %	9 %	4 %
OST	15 %	64 %	73 %	88 %	35.5 %	88 %	91 %	96 %

6 Tal vez haxa que engadir o hiato /ei/, que estaría en *ẽidade* (CSM), quizais procedente de *INANITĀTE.

7 Non considereí os datos de FT: formas con til: 1; formas sen til: 3; ocorrencias con til: 1; ocorrencias sen til: 3.

8 Nas táboas 1, 2, 3, 4, 5 e 6 utilizarei as seguintes siglas: FCT (Formas con til), FST (Formas sen til), OCT (Ocorrencias con til), OST (Ocorrencias sen til).

Vexamos agora as porcentaxes relativas á prosa notarial:

TÁBOA 2. FORMAS E OCORRENCIAS CON E SEN TIL EN TEXTOS NOTARIAIS. DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA. POSICIÓN PRETÓNICA⁹

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)	S. XVI (HG-P) ⁹
FCT	11.5 %	14 % / 15 %	5.5 % / 19 % / 4.5 %	6 %
FST	88.5 %	86 % / 85 %	94.5 % / 81 % / 95.5 %	94 %
OCT	5.5 %	5 % / 10 %	1.5 % / 8 % / 2 %	2 %
OST	94.5 %	95 % / 90 %	98.5 % / 92 % / 98 %	98 %

Nun contexto de tendencia xeneralizada cara á omisión do til destacan, como textos que salientan en tal dirección, os notariais no seu conxunto e, entre os literarios e historiográficos, catro das obras producidas nos séculos XIV e XV: GE, HT, MS e CI. A media das ocorrencias sen til nos textos notariais, que xa se sitúa nun altísimo 94.5 % no século XIII, mantense en niveis similares ou incluso aumenta o pouco que pode aumentar durante o trescentos, o catrocentos e o cincocentos: 92.5 % no século XIV, 96 % no XV e 98 % no XVI. As medias de formas sen til nos mesmos textos son lixeiramente máis baixas, pero igualmente importantes: 88.5 % no XIII, 85.5 % no XIV, 90.5 % no XV e 94 % no XVI. É lóxico que a porcentaxe da omisión de tiles sexa algo máis alta coas ocorrencias que coas formas, pois hai certas voces que se repiten moito, particularmente nos instrumentos notariais, pródigos en fórmulas recorrentes e na citación de determinadas accións ou realidades.

Aínda sendo superiores as medias de omisión de tiles na documentación notarial, as porcentaxes distan moito de seren baixas no conxunto das fontes literarias e historiográficas. Nestes xéneros advírtese unha curva tamén ascendente entre os séculos XIII e XVI: canto a formas sen til, temos 27.5 % no XIII, 74 % nas obras producidas entre o XIII e o XIV, 74 % tamén nas do XIV e 91 % nas do XV; no relativo a ocorrencias, 15 % no XIII, 68.5 % entre o XIII e o XIV, 70.5 % no XIV e, xa no XV, un 93.5 % que marca sen paliativos o triunfo da desnasalización.

Neste contexto resulta imprescindible referirse á singularidade que representan dous textos literarios, un en verso (CSM) e outro en prosa (CT). Chama a atención o contraste case simétrico que se dá entre os datos da poesía mariana e os da prosa notarial do século XIII, con alto mantemento da representación gráfica da nasalidade vocálica no primeiro caso (só 27.5 % de formas sen til e 15 % de ocorrencias) e alto grao de abandono de tal práctica escrituraria no segundo (88.5 % de formas sen til e 94.5 % de ocorrencias). Certamente, a desnasalización vocálica en posición pretónica debía de ser na segunda metade do século XIII un cam-

9 Non considerei os datos do único documento do século XVI de CN: formas con til: 2; formas sen til: 2; ocorrencias con til: 2; ocorrencias sen til: 2.

bio lingüístico en marcha e moi avanzado no galego, pois, ó lado dos reveladores datos da prosa notarial, hai que ter en conta que os das CSM, a pesar de todo, non son desdeñables. Ora ben, sen dúbida a desnasalización vocálica se transparentaba menos nun texto máis coitado, vixiado e revisado (coma o primeiro, producido no escritorio real de Afonso X) e manifestábase con moitas menos trabas nos instrumentos notariais, onde a formación e os hábitos de cada escribán producirían resultados diversos pero, en todo caso, tendentes a un abandono do uso de tiles concordante coa deriva desnasalizadora que se daría na lingua oral.

A indicación da nasalidade mediante o til é igualmente frecuente na CT, mais, así e todo, tamén neste texto se perciben doadamente os indicios da desnasalización. Segundo Lorenzo (cf. CT, p. 141), a omisión do til é moito máis frecuente na parte do texto non escrita por Fernán Martís, o que quererá dicir non que o capelán de Fernán Pérez de Andrade o Bo fose máis firme na conservación da resonancia nasal das vocais galegas cás outras persoas que interviñeron na tradución do texto, senón que o dito capelán era máis escrupuloso ca eles nas súas prácticas escriturarias, polo menos no tocante a este pormenor que estamos a analizar. É curioso que o equilibrio en canto a formas con e sen til que se dá nesta crónica trecentista se rompa cando se descende ó nivel das ocorrencias; isto prodúcese porque en verbos de uso moi frecuente (e, por tanto, fáciles de memorizar na súa forma gráfica canónica) como *gāanar* ou *gāañar*, *mantēer*, *tēer* e *vījr* son ampla maioría os casos de mantemento do til: en ocorrencias rexístrase un 95.5 % de mantemento en *gāanar* ou *gāañar* e mais en *vījr*, un 91 % en *mantēer* e un 92.5 % en *tēer*.

Esta observación pódese estender sen grandes impedimentos ó conxunto da mostra explorada. As omisións do til, aínda sendo en xeral frecuentes, revélanse como algo menos numerosas coas palabras máis comúns, co vocabulario máis elemental: *gāanar*, *pōer*, *tēer*, *vījr*, etc. En troques, coas algo máis infrecuentes pódese chegar ó 100 % na omisión de tiles no conxunto das fontes exploradas (*allear*, *eallear*, *almoeda*, *cardeal*, *semear*, *veablo*, *veado*) ou aproximarse moito a el (*alumear*, *ameaça(r)*, *amoestar*, *coroa(r)*, *escomoyon*, *feestra*, *meoscar*, *moeda*, *moesteyro*, *moymento*, *nomear*, *perdoar*, *pregoar*, *seestro*, *soar*, etc.)¹⁰. Onte coma hoxe, as posibilidades de errar ó escribir unha palabra diminúen conforme aumenta a frecuencia con que esa palabra se escribe.

Entre estas voces en que houbo no galego desnasalización xeneralizada e completa dunha vocal situada en posición pretónica encóntranse esporadicamente, e mesmo desde o século XIII, algunhas en que chegou a xerarse unha consoante en posición posnuclear. De carácter exclusivamente fonético semellan os procesos que conducirían a *moensteyro* (HG-P, p. 42, ano 1262) e *monsteyro* (AP 2480)¹¹, solucións que marcan unha liña evolutiva que finalmente sería abandonada. En troques, para *tyundo* (HG-P, p. 160, ano 1348: “eu son tyundo”),

10 Aparentemente, estes casos mostran que as vocais con máis alto grao de desnasalización consumada ou case consumada eran as de altura media palatais ou velares, pero esta apreciación só se poderá converter en conclusión fundamentada se unha análise específica e rigorosa a pode avalar.

11 Lorenzo (TC: II, 862) cita tamén *monsteyro* e *monsterio* nun documento do ano 1474.

veundo (TC 363.56: “seidades muy bẽ veundo”), *viundos* (TC 146.11: “forõ viundos”), *convjundos* (CN 44.30, ano 1448: “somos sobre elo convjundos”) e *desaueundo* (TC 725.5: “et por esta rrazõ se partio desaueundo”) postulo a probable intervención de factores analóxicos: os participios *veundo*, *viundo* e *desaueundo*, rexistrados na TC, poderían seguir o modelo ofrecido por *vĩjndo*, que tamén se le no mesmo texto (TC 95.15: “fforõ vĩjndos”); a mesma influencia analóxica sospeito para *convjundos*, sen que haxa que concederlle demasiada relevancia ó feito de non se documentar ningún participio de *vĩjr* ou verbos derivados en CN; *tyundo* podería acusar a influencia destes participios de *vĩjr*, mais non se deben levantar especulacións sobre este único rexistro, que ben puido obedecer a un simple descoido do escribán que redactou o documento notarial en que aparece¹². Finalmente, ten que ser de raíz analóxica o verbo *gaançar*, que se derivou desde o substantivo *gaança*, documentado desde o século XIII ata o XV tanto en textos notariais coma en obras historiográficas ou literarias. *Gaançar* lese en fontes galegas dos séculos XIV e XV: *gaançadas* (TC: cf. II, 676), *gaançou* (CI 2.9, 2.10, 6.2, 6.11, 6.15), *gaançastes* (HG-P109.2, ano 1442)¹³.

3.2. Posición postónica

Neste contexto impúxose a desnasalización completa e xeneralizada das vocais iniciais dos seguintes hiatos: /ãa/ (ORPHANA > *órfãa* (CT, HT) > *órfaa* (TC)); /ãe/ (*Estéuãez* (HG-P) > *Estéuæez* (HG-P), con paso a /ee/ (*Estéueez* (HG-P))); /ão/ (STEPHANU > *Estéuão* (HG-P, MS) > *Estéuao* (HG-P)), con paso a /oo/ (*Estéuoo* (TC, GE...)); /ẽa/ (*RETINA > *rédãa* > *rédea* (TC)), con posible paso a /ia/ (*redia*, HT); /ẽe/ (HOMINES > *omẽes* (CSM, TC...) > *omees* (HG-P, AP)); /ẽo/ (FRAXINU > *freyxẽo* > *freyxeo*), con probable paso a /io/ (*freyxio*) e absorción da semiconsoante palatal na consoante palatal anterior (*freyxo*, HG-P); /ĩi/ (ŌRDINES > *ordĩjs* > *ordijs* (LP, TC)); /ĩo/ (TERMINU > *termĩo* (HG-P) > *termio* (CSM, HG-P)); e /õo/ (ARCHIDIACONU > *arçediagõo* > *arçediagoo* (HG-P)).

Un vello debate aínda aberto no eido da lingüística histórica galega é o que xira ó redor dos resultados da terminación latina –INE, para a que xa nas fontes medievais predominan as solucións con desnasalización completa (*ome*, *orde*...), aínda que non faltan tampouco as que levan apéndice nasal consonántico (*omen*, *virgen*...). ¿Houbo desaparición da consoante nasal intervocálica (HOMINE > *omẽe* > *omẽ* > *ome*) ou síncope da vocal postónica con posterior asimilación progresiva das consoantes nasais (HOMINE > *om'ne* > *ome*? Se se opta pola primeira hipótese, ¿cómo explicar que, fronte ó que é a evolución regular no noso romance (CANE > *can*), no caso de –INE presuntamente non houbera apócope de –e antes de que chegase o momento da desaparición da consoante nasal intervocálica? E, se se opta pola segunda, ¿cómo dar razón da anomalía de que, contra o que tamén é evolución regular no noso romance

12 Entre as documentacións medievais de *teudo* e *teuda* que ofrece Lorenzo (TC: II, 1253) non se inclúe ningunha forma con consoante nasal implosiva.

13 No mesmo documento editado por Maia lese tamén *gaançastes* (HG-P 109.8), pero, sen máis documentación en que apoiarme, non me atrevo a afirmar a efectiva existencia dunha variante *gaançar*.

(SCAMNU > *escanno* > *escano*, DOMINU > *dom'no* > *donno* > *dono*), no caso das voces terminadas en -INE triunfase unha presunta asimilación consonántica progresiva? ¿Qué puido suceder cos acusativos neutros rematados en -en, coma NOMEN, un substantivo para o que nos textos medievais só se rexistran formas non nasalizadas (*nome*): desenvolverían un acusativo analóxico do tipo de *NOMINEM ou simplemente perderían a consoante nasal final, que, sendo inicialmente alveolar, puido ser tomada como equivalente da nasal bilabial dos acusativos masculinos e femininos? Non podo entrar agora neste complexo debate¹⁴, pois, de facelo, tería que apartarme durante varias páxinas do que é o obxectivo do presente artigo. Soamente direi que, para evitar que os resultados das miñas pescudas poidan resultar cuestionables debido á utilización de datos de interpretación discutible, decidín considerar unicamente as solucións rexistradas para a terminación plural -INES, onde non parece haber dúbidas de que houbo perda da consoante nasal intervocálica e posterior desnasalización vocálica (-INES > -*ēes* > -*ees* > -*es*).

Estas son as porcentaxes de desnasalización en posición postónica rexistradas nos dous tipos de textos que distingo neste artigo:

TÁBOA 3. FORMAS E OCORRENCIAS CON E SEN TIL EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA. POSICIÓN POSTÓNICA

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
FCT	46.5 %	40 %	26.5 %	35 %	46.5 %	43.5 %	73.5 %	20 %
FST	53.5 %	60 %	73.5 %	65 %	53.5 %	56.5 %	26.5 %	80 %
OCT	25.5 %	69 %	6.5 %	6 %	12 %	21 %	54 %	5 %
OST	74.5 %	31 %	93.5 %	94 %	88 %	79 %	46 %	95 %

TÁBOA 4. FORMAS E OCORRENCIAS CON E SEN TIL EN TEXTOS NOTARIAIS. DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA. POSICIÓN POSTÓNICA

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P)	S. XV (HG-P / CN / AP) ¹⁵
FCT	23 %	30 %	8.5 % / 28.5 % / 16.5 %
FST	77 %	70 %	91.5 % / 71.5 % / 83.5 %
OCT	22.5 %	16 %	3.5 % / 89.5 % / 20 %
OST	77.5 %	84 %	96.5 % / 10.5 % / 80 %

14 Cf. ó respecto Williams (1975: 81, 131), Sletsjøe (1959: 231-237; 1966), Maia (1986: 639-640), Ferreiro (1995: 133-135). Tamén se debe ponderar a observación de Lorenzo e Couceiro (1999a: 599-600; 1999b: 213-214) a propósito da transcripción que as palabras *ome(s)* e *nome(s)* recibiron na edición da *General Estoria* realizada por Ramón Martínez López. As grafías cun trazo sobreposto que aparecen a miúdo no manuscrito galego carecen de valor fonético, pois non son outra cousa que unha copia mecánica das grafías idénticas que se encontran no manuscrito castelán, onde remiten para as solucións *omne(s)* e *nomne(s)*; por conseguinte, as transcripcións para o texto galego deben ser *ome(s)* e *nome(s)*, e non *omē(s)* nin *nomē(s)*. ¿Habería que lles aplicar esta observación, ou outra semellante, a outras edicións de textos galegos medievais que hoxe circulan entre nós?

15 Por seren menos de oito as ocorrencias que rexistrei en cada caso, non incluíñ nesta táboa nin os datos relativos a documentos do século XVI pertencentes ás coleccións HG-P e CN nin os de documentos do século XIV incluídos en CN. Vale o mesmo, na táboa 3, para FT.

As porcentaxes de rexistros sen indicación de nasalidade vocálica xa son moi significativas nas fontes do século XIII, aínda que coas esperables diferencias (menos acusadas aquí ca na posición pretónica) entre o que se observa nas CSM e o que se percibe na documentación notarial. En xeral esta tendencia confirmase e consolídase nas fontes máis serodias, pero non sen algunhas excepcións que cómpre explicar. Respecto dos datos da LP, resulta imprescindible desvelar que só detectei nela cinco formas e trece ocorrencias con inicial nasalidade vocálica nesta posición: o desequilibrio a prol das ocorrencias con nasalidade débese ós oito rexistros do nome *Estêvão*, que nos textos máis xenuinamente galegos tende a presentarse como *Estêvão*, *Estêvoo* ou *Esteuo*. No caso de CN resultan determinantes as trinta e unha ocorrencias do substantivo *márgēes*, que se dan en só dous instrumentos, un de 1412 e outro de 1419, que foron escritos —e isto cómpre subliñalo— por unha única man: a do notario Gonçaluo García. Tamén chaman a atención os resultados de MS, mais non se deberían magnificar porque o número de rexistros que tirei desta obra non é moi elevado (11 formas con til e 4 sen el, 28 ocorrencias con til e 24 sen el) e porque noutros contextos esta fonte si se mostra en consonancia coas tendencias dominantes que se observan no conxunto da documentación explorada.

Coma na posición pretónica, os frecuentes desequilibrios a favor das ocorrencias sen til (en contraste coas correspondentes porcentaxes de formas con e sen til) prodúcense pola grande recursividade que teñen algunhas unidades lexicais, que indico a seguir acompañadas do número de ocasións en que se presentan: *omees* (43) e *omes* (28) nas CSM; *omes* (460) na TC; *omes* (285), *nomes* (63) e *ymages* (30) na GE; *homes* (34), *omes* (30), *nomes* (13) e *rré-dea* (13) na CT; *omes* (30) na HT; *homes* (14) e *omes* (6) nos MS. Para *arcediogo*, *fêmea* e *rédea* non rexistrei ningún caso con til na mostra seleccionada.

Excepcionalmente puideron chegar a xerarse consoantes nasais implosivas neste contexto fonético, como mostran algunhas formas que se recadan non só en fontes para as que cabe a sospeita de lectura errónea do editor ou editores modernos ou de discutible representatividade das tendencias vivas na fala galega tardomedieval (*arcediagon*: LP 94.10.21; *omens*: CSM 411.103 - *omes* no manuscrito To-, LP 126.3.19), senón tamén en textos libres de tales reservas: *Esteuón*¹⁶ (HG-P, 208.7, ano 1298; HG-P, 210.25-26 e 213.8, ano 1299), *sótoon* ‘soto’ (CN 37.28, ano 1434), *sóoton* (CN 37.21, ano 1434). Trátase, con todo, de variantes minoritarias que sen dúbida estiveron moi lonxe de poder interferir no que foi a dirección maioritaria do cambio.

3.3. Posición tónica

Con independencia de que as unidades léxicas ou variantes de unidades léxicas que aquí se propoñen como exemplos se transmitisen ou non ata a lingua moderna, consagrouse neste

16 Débese considerar tamén o caso de *Esteuō* (HG-P 159.30, ano 1348).

contexto a desnasalización completa e xeneralizada das vocais iniciais dos seguintes hiatos: /'ãa/ (SANAT > *sāa* (CSM) > *saa*), /'æ/ (SANES > *sāes* (CSM) > *saes*), /'ãia/ (EXTRĀNEA > *estrāya* (CSM, LP...) > *estraya* (GE, CT...)), /'ãio/ (EXTRĀNEU > *estrāyo* (CSM) > *estrayo* (GE, HT...)), /'ēe/ (TENES > *tēes* (CSM, LP...) > *tees* (CSM, TC)), /'ēa/ (ARĒNA > *arēa* (CSM, HT) > *area* (CSM, TC...)), /'ēe/ (COENA: *çēm* (CT) > *çeen*), /'ēio/ (INGENIU > *engēyo* (CSM) > *engeyo*), /'ēol/ (CENTĒNU > *çentēo* (HG-P) > *çenteo* (HG-P, AP)), /'ōe/ ou /'ōel/ (*PŌNENT > *pōen* (CSM) > *poen* (LP)), /'ōa/ (CORŌNA > *corōa* (CSM, TC...) > *coroa* (LP, TC...)), /'ōel/ (PERDŌNES > *perdōes* > *perdoes* (MS)), /'ōial/ (*PŌTIŌNEA > *poçōya* (CSM) > *poçoya* (CSM, CT)), /'ōio/ (TESTIMŌNIU > *testemōyo* (GE, CN) > *testemoyo* (TC, GE...)), /'ōol/ (BONU > *bōo* (TC, GE...) > *boo* (TC, CT...)), /'ūa/ (LŪNA > *lūa* (CSM, HT...) > *lúa* (CT, HT)), /'ūia/ (TESTIMŌNIA > *testemūya* > *testemuya* (HG-P)) e /'ūio/ (TESTIMŌNIU > *testemūyo* > *testemuyo* (HG-P)).

Nos textos literarios e historiográficos que examinei detectei as seguintes porcentaxes de emprego e de omisión de tiles de nasalidade.

TÁBOA 5. FORMAS E OCORRENCIAS CON E SEN TIL EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA. POSICIÓN TÓNICA

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	FT	MS	CI
FCT	85 %	57.5 %	44 %	46.5 %	53 %	66.5 %	33.5 %	23.5 %	37 %
FST	15 %	42.5 %	56 %	53.5 %	47 %	33.5 %	66.5 %	76.5 %	63 %
OCT	97.5 %	67 %	54.5 %	78 %	81 %	89 %	50 %	20.5 %	21.5 %
OST	2.5 %	33 %	45.5 %	22 %	19 %	11 %	50 %	79.5 %	78.5 %

Os resultados obtidos para os textos notariais foron os seguintes:

TÁBOA 6. FORMAS E OCORRENCIAS CON E SEN TIL EN TEXTOS NOTARIAIS. DESNASALIZACIÓN XENERALIZADA E COMPLETA. POSICIÓN TÓNICA

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP ¹⁷)
FCT	17.5 %	47 % / 54.5 %	35 % / 40.5 % / 25 %
FST	82.5 %	53 % / 45.5 %	65 % / 59.5 % / 75 %
OCT	17.5 %	51 % / 61 %	40.5 % / 42 % / 44.5 %
OST	82.5 %	49 % / 39 %	59.5 % / 58 % / 55.5 %

As porcentaxes de omisión de tiles rexistradas nesta posición son en xeral considerablemente máis baixas cás detectadas para as posicións pretónica e postónica, o que sen dúbida constitúe un indicio fiable dun feito que desde o punto de vista fonético resulta esperable: a completa desnasalización vocálica avanzou máis rapidamente nas posicións átonas e máis

17 Por seren menos de oito as ocorrencias que rexistrei en cada caso, non incluíñ nesta táboa os datos relativos a documentos do século XVI pertencentes ás coleccións HG-P e CN.

demoradamente na tónica¹⁸. Os datos son ben ilustrativos se os comparamos cos recollidos nas táboas 1, 2, 3 e 4. Limitando os nosos cómputos ás ocorrencias sen til, observamos que os textos literarios e historiográficos presentan medias do 2.5 % no século XIII, 39 % entre o XIII e o XIV, 25.5 % no XIV e 79 % no XV; os notariais, pola súa parte, ofrecen un 82.5 % no XIII, un 44 % no XIV e un 57.5 % no XV. As diferencias respecto do detectado para as posicións pretónica e postónica aproxímanse en bastantes casos ós 50 puntos e poden incluso ir máis alá: no tocante ás ocorrencias sen til en posición postónica e tónica, nas CSM dáse unha diferenza de ata 72 puntos a favor do contexto inacentuado, mentres que para os textos literarios e historiográficos de século XIV a diferenza entre os mesmas medias é de 61.5 puntos¹⁹.

En xeral o grao de desnasalización observado nas fontes notariais é superior ó que se descobre nas literarias e historiográficas, mais con matices que non se deben silenciar. As CSM volven a mostrarse como un texto particularmente conservador, moi atento ó mantemento das formas gráficas canónicas; do outro lado, contrasta fortemente o alto índice de desnasalización que ofrecen os textos notariais do século XIII, mais cómpre recoñecer que estes están representados por un repertorio reducido (só algúns documentos de HG-P) do que non se poden extraer conclusións xeneralizadoras. Tamén son moi pouco frecuentes as omisións de tiles na CT. Polo contrario, nas fontes historiográficas máis tardías, as do século XV, tórnanse numerosas, mesmo máis numerosas cás que encontramos nos instrumentos notariais. Só con voces moi comúns coma *bõo*, *tēē* ou *vẽo* se usan os tiles de nasalidade en MS e CI (e non sempre, nin moito menos). Tratábase, certamente, de palabras moi comúns, do vocabulario elemental, con formas gráficas canónicas que deberon de resistir durante moito tempo, constantemente repetidas e, por isto mesmo, transmitidas facilmente e sen cuestionamentos de xeración en xeración.

18 Cómpre recordar aquí que, como apunta Sampson (1999: 340), as vocais tónicas son en xeral máis receptivas á nasalización cás átonas. Sobre o feito de a desnasalización ser máis antiga nas vocais átonas ca nas tónicas tamén advertiron xa, entre outros, Cornu e Bourciez (cf. Sletsjøe 1959: 12-13).

19 Xunto ás estatísticas, teñen tamén certo valor os argumentos vinculados coa rima poética. A este respecto, indicarei soamente que nunha cantiga de Estevan da Guarda, trovador portugués nacido arredor de 1280 e morto entre 1362 e 1364, *cea* rima en consonante con *Leirẽa* e con *Sẽa*: “E disse-m’ el: Per Leirẽa, / se vai caminho de Sãa. / Dixi-lh’ eu: -Per com’ el cea! / Pois eu fiqu’ en Stremadura; / se vai caminho de Sãa / el, vaa-s’ en boa ventura” (LP 30.8.7-12). O mesmo poeta rima en consonante *coroa*, *boa* e *borõa* (LP 30.22.15-21).

4. CASOS DE DESENVOLVEMENTO (OU NON) DUNHA CONSOANTE NASAL NA MARXE SILÁBICA POSNUCLEAR

4.1. Posición interior de palabra

Neste contexto a desaparición da resonancia nasal tivo como alternativa xa moi difundida na Idade Media o desenvolvemento dunha consoante nasal que xa daquela, coma na actualidade, tendería a adoptar o punto de articulación da consoante explosiva posterior. Hoxe en día esta alternativa con xeración de consoante implosiva é máis común no espazo galegófono occidental ca no oriental, pero o certo é que “cada palabra presenta a consoante nunha área distinta, sen que se poida falar da recuperación como característica das falas dunha determinada zona” (Fernández Rei 1990: 58). A exploración da mostra medieval seleccionada proporcionou casos deste duplo tratamento para os seguintes hiatos: /ã'a/ (GANĀTU > *gãado* > *gaado* (TC, GE, HG-P) / *gaando* (TC, GE, HG-P, AP)), /ãa/ (GRANĀTU: *grãadamente* > *graadamente* (TC) / *graandamente* (TC)), /ã'ɛ/, con paso a /ɛ'ɛ/ (QUINTANELLA > *Quintãela* > *Quintẽela* > *Quinteela* (HG-P) > *Quintenlla* (HG-P)), /ã'i/ (PĀNĪCIU > *pãyço* > *payço* / *paynço*²⁰), con posible paso a /ɛ'i/ (*peynço*), /ɛ'e/ (TENETIS > *tẽedes* > *teedes* (LP, TC, CT, HG-P, AP) / *teendes* (LP, TC, GE, HT, CN), /ɛ'i/, con paso a /i'i/ (VENĪTIS > *vẽides* > *vĩides* > *viides* (TC) / *viindes* (TC, GE, HT, AP)), /ɛi/, con paso a /i/i/ (VENĪRE: *vijdeyros* (HG-P) / *vijndeyros* (HG-P)), /ɛ'o/, con posible paso a /i'o/ (GENUCULŌS: *gẽollos* > *geollos* (CSM, TC, GE, CT, HT), *geolhos* (LP, TC) / *geonllos* (MS) / *gionllos* (CI), *gionlos* (CI)) e /i'i/ (*CINĪSIA > *cĩjsa* > *cijsa* (GE, HT) / *cijnsa* (TC, GE, CT, HT))²¹.

En troques, con algunhas unidades léxicas só rexistrei, fóra da persistencia das ocorrencias en que as vocais mantiñan o til de nasalidade, algún dos dous tratamentos sinalados. Para *ADMANESCERE só encontrei solucións con desnasalización completa en fontes dos séculos XIII e XIV: *amaesçe* (GE), *amaeçeu* (TC), *amaesçera* (CT), *amẽesçesse* (GE), *amesçesse* (GE); mais o ALGa2 (mapas 94, 224) fainos ver que esta voz, coma tantas outras, chegou a coñecer tamén a solución alternativa, pois no galego moderno utilízanse tanto *amaecer* ou *ameicer* coma *amancer* ou *amencer*. Polo contrario, para MANIFESTĀRE só encontrei, á parte de *mãefestar* ou *mẽefestar*, resultados con consoante nasal que chegan ata un texto do século XV coma MS, onde lemos *maenfestar*, *maenfesta* e *maenfestarõ*. De PAENITENTIA xurdiron *pẽedença* (sécs. XIII e XIV), *peedença* (séc. XIII, XIV e XV), *pedença* (TC) ou *pia-*

20 A solución *payço* – *peyço* é certamente rara, pero está polo menos na base de *Peyçães* (HG-P 104, ano 1414) e dos topónimos modernos *Paizás* e *Peizás* (cf. Moralejo Lasso 1977: 149). As solucións maioritarias son as seguintes, acompañadas do número de ocorrencias detectadas: na TC, *painço* (1), *peinço* (1) e *peynço* (1); na HG-P, *paynço* (1).

21 Como mostra o ALGa3 (mapa 246), no galego contemporáneo aínda se mantén esta duplicidade baixo as formas *cinsa* – *cinza* / *cisa* – *ciza*. Creo que tanto isto coma o indicado na nota anterior e o que de contado se dirá sobre *pẽedença* e *peedença* obrigan a refacer a doutrina expresada en Ferreiro (1995: 128, fl 79.b.1).

dença (MS), mais nas fontes galegas consultadas non se atopa *pendença* ‘pendencia’, para a que Ramón Lorenzo recadou exemplos do século XV, mais só en textos portugueses (cf. TC: II, s.v. *pēdença*). En fin, para outras voces que superaron a fase medieval tampouco encontréi nas fontes revisadas a mencionada duplicidade de resultados, mais é sobradamente coñecido que esta se dá no galego actual: *ABELLANĒTA > *Auellaeda* (HG-P; gal. moderno *Abeleda* / *Abelenda*), CASTANĒTA > *Castenda* (HG-P, AP; gal. moderno *Casteda* / *Castenda*), CUNICULU > *coello* (HG-P; gal. moderno *coello* / *coenllo*), FONTANELLU > *Fonteeelo* (HG-P; gal. moderno *Fontelo* / *Fontenlo*), *MANUĀTA > *māada* (GE, MS; gal. moderno *mada* / *manda*), MANUĀLE > *máále* (GE; gal. moderno *mal*, *malle* / *manle*, *manlle*), MANUCULU > *māoll’* (CSM) > *mōollo* (GE; gal. moderno *mollo* / *monllo*), etc.

As solucións contempladas neste epígrafe que presentan consoante nasal implosiva, e particularmente aquelas en que o hiato se mantén (*cijnsa*, *gaando*, *geonllos*, *paínço*, *teendes*, *viindes*, etc.), evidencian que nun importante grupo de falas galegas a nasalidade, en principio tomada por anticipación pola vocal que precedía a consoante nasal posteriormente desaparecida, acabou por transferirse para a seguinte vocal do hiato: de *gāado* a *gaādo* / *gaando*, de *gēollo* a *geōllo* / *geonllo*, de *pāiço* a *paīço* / *paínço*, etc. Proclaman a mesma evidencia, como é lóxico, as variantes de palabras en que se desenvolveu consoante nasal implosiva en posición final de palabra (*irmāa* > *irmaã* / *irmaan*, etc.). A este respecto hai que subliñar que nos manuscritos medievais o til de nasalidade podía colocarse non unicamente sobre a vocal situada inmediatamente antes da consoante nasal que desapareceu, senón tamén sobre as dúas vocais que integraban o hiato formado secundariamente ou mesmo, no caso das duplicacións gráficas sen fundamento fonético, sobre as tres vocais escritas consecutivamente: isto é o que Maia (1986: 28) revela para *condiçōees* e *condiçiōees*, vocábulos que ela transcribiu poñéndolles til só sobre a primeira vocal dos seus hiatos. No mesmo sentido José Luis Pensado indica que na súa edición dos *Miragres de Santiago* foron limitacións tipográficas as que o obrigaron a poñer o til de nasalidade só sobre a vocal que precedía a consoante nasal desaparecida (ou só sobre a segunda, nos casos de xeminación antietimolóxica: MĀNU > *maão*), “aunque en realidad debería estar sobre las dos vocales” (MS: XXVII). É natural que a resonancia nasal acabase por afectar non unicamente a vocal situada antes da consoante nasal que se perdeu, senón a todo o complexo vocálico formado secundariamente, e é lóxico que os escribas tendesen, por tanto, a colocaren o til por riba das dúas ou tres vocais escritas concatenadamente, e non só por riba dunha delas.

A seguir ofrecerei información sobre o comportamento que amosan os distintos textos explorados. Nas táboas que seguen preséntase datos relativos ó grao de implantación das seguintes catro manifestacións gráficas posibles: 1) hiato con til de nasalidade sobre a primeira vocal (ṽv: *gāado*); 2) hiato ou vocal única sen ningún til de nasalidade (vv ou v: *gaado* ou *gado*); 3) hiato con til de nasalidade sobre a segunda vocal ou vocal única con til de nasalidade (ṽṽ ou ṽ: *gaādo* ou *gādo*); e 4) vocal máis consoante nasal (v + cnasal, con posible ṽ

ou v á esquerda; *gando*, *gãando* ou *gaando*). Para non sobrecargar as táboas, de aquí en diante ofrecerei só porcentaxes relativas a ocorrencias, e xa non a formas.

TÁBOA 7. OCORRENCIAS EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS.
DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE IMPLOSIVA EN POSICIÓN INTERNA

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
ṽv	89.5 %	35 %	19 %	35 %	56 %	38 %	16.5 %	0 %
vv ou v	5.5 %	49 %	45 %	12 %	13.5 %	23.5 %	46.5 %	22 %
vṽ ou ṽ	0.5 %	0 %	6 %	20.5 %	7 %	12 %	0 %	0 %
v + cnasal	4.5 %	16 %	30 %	32.5 %	23.5 %	26.5 %	37 %	78 %

TÁBOA 8. OCORRENCIAS EN TEXTOS NOTARIAIS.
DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE IMPLOSIVA EN POSICIÓN INTERNA

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)
ṽv	0 %	4.25 % / 16.5 %	11 % / 16 % / 30 %
vv ou v	90.5 %	74.5 % / 83.5 %	69.5 % / 71 % / 60.5 %
vṽ ou ṽ	0 %	4.25 % / 0 %	14 % / 6 % / 6 %
v + cnasal	9.5 %	17 % / 0 %	5.5 % / 7 % / 3.5 %

Canto á táboa 7, é evidente que a partir do elevado punto inicial representado unha vez máis por CSM, advírtese un acusado descenso das solucións “canónicas” (ṽv) nos restantes textos, ben a prol das solucións sen consoante, ben para engrosar as opcións gráficas que expresan o desenvolvemento dunha consoante nasal na marxe posnuclear da sílaba (vṽ ou ṽ e v + cnasal). A esta tendencia, que xa é acusada na TC pero que culmina no século XV, e nomeadamente no máis tardío dos textos literarios e historiográficos (CI), só escapa claramente CT, en consonancia cun particular escrúpulo no emprego dos tiles que para esta fonte trecentista xa se sinalou no epígrafe 3.1. Respecto dos textos notariais hai que dicir que as opcións gráficas do tipo <ṽv> son en xeral notoriamente menos utilizadas ca no outro tipo de fontes, o que redundará sobre todo a favor das opcións sen xeración de consoante, que ofrecen porcentaxes en conxunto significativamente máis altas cás dos textos literarios e historiográficos. Obsérvase que a desnasalización gráfica xa é moi elevada nas fontes do século XIII.

Os testemuños da xeración de consoante nasal despois da segunda vocal do hiato témo-los desde os mesmos textos da segunda metade do século XIII, de modo que se impón a consecuencia de que tales solucións xa se deberon de coñecer anteriormente no romance galego. *Maenfestar*, como xa dixeran, aparece nas CSM e reaparece, por veces baixo a variante *meenfestar*, en LP, TC, HG-P (p. 49, ano 1282) e MS. *Gaãdos* está xa nas CSM (198.39; corrixido para *gãados* por Mettmann) e *gáãdo* úsase dúas veces nun documento pontevedrés de 1299 (HG-P 209, 211). *Graanda* por *Granada* lese nun documento elaborado no mosteiro de

Sobrado dos Monxes en 1282 (HG-P 48). Os testemuños máis antigos de *teendes* que aquí recollín están na LP e mais na TC, mentres que para APPLĀNĀTAS e GENUCULU temos xa *acháándas* e *gionllo* na primeira metade do século XIV (GE 75.6 e 232.31, respectivamente). En troques, só rexistrei *caanles* (< CANĀLES) nun instrumento notarial noiés de 1478 en que a forma ocorre alternando con *caāles* (CN 57.21, 57.37); con todo, este dato non ten trascendencia porque, carentes aínda dunha ampla masa documental medieval correctamente editada, non manexamos un corpus que nos permita estar a salvo deste tipo de continxencias.

Polas peculiares condicións dos contextos fonéticos que nelas se deron, esixen comentario á parte as voces en que a vocal inicialmente nasalizada ía seguida por unha secuencia de dúas vocais formando ditongo decrecente ou hiato²². Só no caso do substantivo *cóengo* (< CANŌNICU) e do adverbio *onte* (< AD NOCTE), con semellantes secuencias fonéticas iniciais (*[ãõe] > [õõj], *[ãõj] > [õõj]), se percibe na documentación medieval revisada unha marcada preferencia polas solucións con xeración de consoante nasal implosiva: para o substantivo mencionado o 86 % das ocorrencias son desde o século XIII do tipo de *cōēgo(s)* (TC; MS; HG-P, p. 207, ano 1298, etc.; AP), *cóengo(s)* (MS; CN 32.10, 32.16, ano 1419) ou *cōōgo(s)* (TC; HG-P, pp. 96, 97, ano 1407), mentres que as completamente desnasalizadas só representan un 14 %: *cóego* (HG-P, p. 81, ano 1302), *cóoigos* (TC), *cóoygo* (HG-P, p. 192, ano 1283), *coygo* (HG-P, p. 188, ano 1281); *oonte* encóntrase nunha cantiga de Pero García Burgalés (LP 125.20.6) e *onte* en AP (1101), ó paso que a existencia, sen dúbida antiga, dunha minoritaria alternativa enteiramente equiparable con *cóoigo* e *coigo* queda certificada polos datos que hoxe ofrece o ALGa2 (mapa 325), onde vemos, xunto a outras variantes, a solución *oite*. Polo contrario, nas voces con vocal palatal nasalizada seguida de ditongo decrecente [ej] ou [ej] as solucións innovadoras maioritarias foron inequivocamente as carentes de apéndice consonántico: fronte a un 65.5 % de solucións conservadoras do tipo de *bēeyzer* (< BENEDÍCERE), *bēeyçón* (< BENEDICTIŌNE) e *bēeyto* (< BENEDICTU), achei un 34 % de formas como *beeyzer*, *beeyçón* e *beeyto* e só un 0.5 % das que levan consoante nasal: un caso de *bēençom* nunha cantiga do rei Don Denis de Portugal (LP 25.104.16) —unha fonte, por certo, que non podemos considerar como moi receptiva das peculiaridades do galego medieval— e outro de *beenzo* nun documento notarial caldelao de 1281 (HG-P, p. 131). Coma noutros casos, as solucións conservadoras (*bēeyzer*...) predominan incontestablemente en CSM, mentres que as que omiten o til se van facendo cada vez máis presentes nas fontes máis tardías, nomeadamente en GE, en MS, en CI e mais en HG-P.

22 Estas voces non se consideraron para a elaboración das táboas 7 e 8.

4.2. Posición final de palabra

A pesar de que en cada un dos casos analizados neste epígrafe estamos sempre ante a dupla posibilidade da chegada a unha vocal oral ou a xeración de consoante nasal implosiva, estableceréi dous subgrupos para que a exposición gañe en clareza.

4.2.1. Resultados das terminacións latinas -ĀNU, -ANU²³, -ĀNA, -ĀNŌS, -ĀNAS e das terminacións non latinas asimiladas a estas

As primitivas solucións con hiato e resonancia nasal da vocal tónica (-āo, -āa, -āos, -āas), precariamente conservadas na actualidade nos Ancares de León, deron paso a outras en que a chegada a unha vocal oral (-ao, -á, -aos, -ás) tivo como alternativa o desenvolvemento dunha consoante nasal velar na marxe silábica posnuclear, coa conseguinte igualación entre as terminacións de masculino e as de feminino (-án, -án, -áns, -áns) (cf. Fernández Rei 1990: 59-64). Tanto para unha solución coma para a outra temos rexistros nas fontes medievais consultadas, mais estes son notoriamente máis abundantes cando se trata da primeira. Nas táboas 9 e 10 expoño as porcentaxes detectadas para cada unha das seguintes catro posibilidades gráficas: 1) hiato con til sobre a vocal tónica: $\tilde{v}(s)$ (*irmão(s)*, *irmãa(s)*), con posible duplicación vocálica (*irmaão(s)*); 2) hiato ou vocal sen til de nasalidade ou con plicas: (v)v(s) (*irmao(s)*, *irmádó(s)*, *irmaa(s)*, *irmáá(s)*, *irma(s)*), con posible duplicación vocálica (*irmaao(s)*); 3) vocal con til de nasalidade ou hiato con til de nasalidade sobre a segunda vocal: \tilde{v} ou $v\tilde{v}$ (*irmã(s)*, *irmaõ(s)*, *irmaã(s)*); 4) vocal seguida de consoante nasal non abreviada: v + cnasal (*irmaon(s)*, *irmán(s)*, con posible duplicación vocálica (miña(s) *irmaán(s)*)).

TÁBOA 9. OCORRENCIAS EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS.
DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE IMPLOSIVA EN POSICIÓN FINAL DE PALABRA.
TERMINACIÓNS LATINAS -ĀNU, -ANU, -ĀNA, -ĀNŌS, -ĀNAS E TERMINACIÓNS NON
LATINAS ASIMILADAS A ESTAS

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
$\tilde{v}(s)$	97.5 %	98 %	83 %	91.5 %	92.5 %	96.5 %	100 %	95 %
(v)v(s)	2.5 %	1.5 %	16 %	8.5 %	7.5 %	3.5 %	0 %	5 %
$v\tilde{v}$ ou \tilde{v}	0 %	0.5 %	0.75 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %
v + cnasal	0 %	0 %	0.25 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %

23 Esta terminación aparece en OCEANU > *Ouçeão* (GE, HT), *Ouçião* (GE), *Ouçiãão* (HT).

TÁBOA 10. OCORRENCIAS EN TEXTOS NOTARIAIS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE IMPLOSIVA EN POSICIÓN FINAL DE PALABRA. TERMINACIÓNS LATINAS -ĀNU, -ANU, -ĀNA, -ĀNŌS, -ĀNAS E TERMINACIÓNS NON LATINAS ASIMILADAS A ESTAS

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)
v̄v(s)	41 %	58 % / 69 %	64 % / 89 % / 73.75 %
(v)v(s)	57.5 %	42 % / 15.5 %	36 % / 2.5 % / 22.5 %
v̄v̄ ou v̄	0 %	0 % / 0 %	0 % / 0 % / 1.25 %
v + cnasal	1.5 %	0 % / 15.5 %	0 % / 8.5 % / 2.5 %

En primeiro lugar cómpre poñer de relevo que os textos notariais se mostran ostensiblemente máis abertos cós literarios e historiográficos a acolleren as solucións innovadoras (especialmente a 2, mais tamén a 3 e a 4). Nesta orde de cousas chama a atención o que acontece cos MS, onde as 217 ocorrencias rexistradas responden ó esquema gráfico tradicional. Con todo, que a desnasalización completa nestes contextos remonta polo menos ó século XIII demóstrano sen sombra de dúbida os datos recollidos na táboa 10, xunto ós que se deben considerar tamén, polo menos, os de TC, GE e CT.

A xeración de consoante nas terminacións masculinas tal vez xaza baixo as formas *yrmaom* (TC. 701.2) e *yrmaō(m)*²⁴ (TC 476.12), datables entre 1295 e 1312. Trátase, evidentemente, de dous testemuños extremadamente minoritarios que poderían non ser outra cousa ca descoidos do escriba ou escribas sen valor fonético, pero creo que para avalialos convenientemente deberíamos poñelos de par dun topónimo e un substantivo presentes no *Testamento de Estevo Pérez*, un texto notarial de 1260 que non incluíu entre as fontes primarias que empreguei para realizar esta investigación. Falo de *Reuordaus* (< REBORDĀNŌS) (TEP 6) e de *quirmaúúns* (< COGERMĀNŌS) (TEP 18), que poderían implicar a chegada a unha fase con ditongo nasal, mais tamén o desenvolvemento dunha consoante nasal na marxe posnuclear da sílaba, coa conseguinte conformación dunha coda silábica excesivamente complexa ([w̄ŋs]). Cabe por tanto, a meu parecer, a seguinte hipótese: a xeración dun leve apéndice consonántico nasal en contextos procedentes da terminación latina -ĀNŌS puido ser, se non unha solución universal, si polo menos un resultado notablemente estendido polo territorio galegofalante que tería as súas orixes polo menos no século XIII, se non antes (*Reuordāos* > *Reuordaons*, *Reuordaus*); mais, dado que as codas silábicas así resultantes serían demasiado complexas *-(ao)ns*, *-(a)uns*, estas tenderían a simplificarse ora eliminando a consoante nasal (*Reuordaos*, *Reuordaus*), ora suprimindo a semiconsoante velar (*Reuordáns*). Unha solución simétrica pode supoñerse para o singular -ANU (> -āo > -aon ~ -aun > -ao ~ -au, -an), coa única diferenza da inexistencia de consoante fricativa na coda. Deste

24 O <m> entre parénteses figura no manuscrito pero foi eliminado por Ramón Lorenzo, editor do texto. Merecen atención, xunto a estas, as formas *castelaō* (TC 219.39) e *chaaō* (TC 744.17), rexistradas na mesma crónica.

xeito chegaríase ás dúas solucións maioritarias do galego moderno (en realidade, *-au* é unha simple variante de *-ao*). Grafías foneticistas coma as de TEP terían máis posibilidades de aflorar nos textos arcaicos, mentres que loxicamente tenderían a desterrarse nos producidos máis tardiamente (desde a segunda metade do XIII), cando o asentamento de certas tradicións escriturarias fixaría o uso de solucións coma <-ão(s)>, que en non poucos casos poderían estar ocultando unha verdadeira consoante nasal implosiva²⁵.

Dito isto, resulta probable, mais non seguro, que teñamos vocal máis consoante nasal en *vilã* < *VILLĀNU (TC 403.9: “vilã uos mate nō seia fidalgo”). En troques, non hai dúbidas da existencia dunha consoante nasal implosiva baixo as formas gráficas *çelurgián* (CN 37.50, ano 1434) e *teçelán* (AP 770)²⁶, ambas do século XV, aínda que si as hai á hora de establecer se estas dúas voces esixen ou non un étimo con terminación -ĀNU. Respecto do primeiro substantivo mencionado, hai que dicir que é certo que no século XIII se rexistran nas CSM solucións que parecen remitir a unha terminación -ĀNU (*CHIRURGIĀNU): *celorgiãõ* (157.33, 177.23, 177.30), *celorgiãos* (385.31); sen embargo, no séculos XIV e XV aparecen non só numerosos e sistemáticos rexistros coa terminación *-an*²⁷, senón tamén plurais que suxiren unha antiga terminación -AINES ou ben a chegada desta voz como préstamo, a través dunha vía intermedia: *solyrgiães* (CT 316.7), *soly[r]giaães* (HT 128.43). Para *tecelán* Corominas e Pascual (DCECH) propoñen que se pode tratar dunha palabra composta de *tecer* + *lan*, pero non ofrecen argumentos que permitan aceptar unha proposta que, iso si, non levanta problemas cronolóxicos relativos ó desenvolvemento da terminación *-án* a partir de -ĀNA; tampouco estamos certos de que para este substantivo debamos partir dun étimo terminado en -ĀNU²⁸.

Canto á terminación feminina, o rexistro máis antigo do resultado *-án* pertence a un documento notarial de 1299 editado e estudado por Clarinda Maia: (miña) *irmáán* (HG-P, p. 211). Xunto a este, podo aducir tamén algúns outros testemuños dos séculos XIV e XV, todos

25 Palabras moi frecuentes coma *mão* e *ymão* raramente aparecen revestidas de formas graficamente innovadoras. Outras coma *são* (< SĀNU) ocorren de contino en fórmulas notariais estereotipadas coma “fazer çerto e *são*”, o que sen dúbida dificultaría a introducción das innovacións *sã* ou *san*.

26 No século XVIII Sarmiento recolleu *tecelan* en dous documentos galegos de 1480 e 1501, máis tardíos, por tanto, ca AP (cf. CVFLG).

27 Son abundantes en diversos instrumentos notariais de USC, para os que a seguir indico o ano de elaboración: *silurgiam* (p. 78, 1327), *çelurgian* (p. 88, 1328), *sulurgiam* (p. 139, 1335), *sulurgian* (p. 160, 1337), *surugian* (p. 363, 1434; p. 364, 1434; p. 403, 1438), etc.

28 En AP 729 lemos “çinco diñeyros *castelaas*”, con aparente solución *-aas* para -ĀNŌS. Puidera ser un caso de *castelãas* en que o escriba, por descoído, omitise o til sobre a primeira vocal do hiato; ou tamén un de *castelaos* con substitución involuntaria de <-aos> por <-aas>, ou *-cousa* xa máis improbable- un caso de *castelaas* por *castelãos*. Pouco máis se pode dicir a propósito dun caso illado coma este. Moito máis claro me parece en cambio o que acontece con *de mã comũ* (AP 1190, 1622, 1634, 2059, 2070, 2186, 2412), pois neste texto *mã* só se dá no interior deste sintagma formulario que debe de estar tomado do castelán, idioma en que se documenta desde 1203 (cf. DCECH).

presentes en textos notariais: *COSTĀNA > *costán*²⁹ (CN 50.16, 50.17, ano 1462; CN 55.17, 55.19, ano 1476), *costaan* (CN 51.16, ano 1463); MEDIĀNA > *meán* (AP 2954: “hũa meán”)³⁰; SĀNA > *saan* (CN 13.8 e 15.10, ano 1395; CN 29.39, ano 1415); *vistilaan*³¹ (CN 27.33, ano 1412: “jten o quarto da nozeyra et da pereyra vistilaan”). O feito de estarmos ante formas recollidas en instrumentos labrados entre os séculos XIII, XIV e XV en puntos do occidente galego (Pontevedra, terras de Noia e terras de Rianxo e Postmarcos) achégalles un valor adicional a estes testemuños medievais, xa que hoxe en día o modelo *miña(s) irmán(s)* é característico do oeste da provincia da Coruña e de case toda a de Pontevedra.

4.2.2. Resultados das terminacións latinas ou non latinas -ĀNES, -ANIS, -ĒNES, -ENES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNIS e -ŪNOS

Considéranse aquí os resultados das terminacións contidas en voces coma PĀNES > *pães* (CSM, TC, GE, HG-P); (VĪLLA) GAUDILANIS > *Goyaes* (AP), *Goyāas* (AP), *Goyaas* (HG-P, AP); RĒNES > *rēes* (CSM, LP); BENES > *bēes* (CSM, LP, TC, GE, HT, MS, HG-P, CN, AP); FĪNES > *fīs* (GE), *fījs* (GE); DRACŌNES > *dragōes* (CSM, HT); PATRŌNOS > *padrōos* (AP); (DIES) LŪNIS > *lūes* (LP, TC), *lūus* (HG-P, CI, AP); IEĪŪNOS > *jejiūs* (MS), *JaJuūs* (CI), *JaJuus* (CI)³². Así mesmo, considéranse tamén as terminacións de préstamos chegados de distintas linguas que se asimilaron a estas: *afāes* (provenzal AFAN) (TC), *arra-fēes* (árabe vulgar AR-RAHAN) (TC, CT, HT), *biratōos* (francés VIRETON) (AP), *brūus* (francés BRUN) (CT, MS), *esterlītis* (inglés STERLING) (CSM), *florītis* (italiano FIORINO) (AP), *matijs* (catalán MATÍ) (TC), *truāes* (francés TRUAND) (CSM), etc.

As primitivas solucións con hiato e resonancia nasal da vocal tónica só se conservan actualmente na área ancaresa, pois na xeneralidade das falas galegas o que se impuxo foi ou unha vocal ou un ditongo oral (*Goiás*, *dragós*, *lus*, etc. / *cais*, *dragois*, etc.) ou a xeración dunha consoante nasal velar na marxe posnuclear da sílaba final de palabra (*Goiáns*, *dragóns*, *luns*, etc.) (cf. Fernández Rei 1990: 66-67). Tamén neste caso os testemuños que transparentan ou prefiguran estas solucións actuais aparecen xa en textos galegos do século XIII. Nas táboas 11 e 12 expoño as porcentaxes detectadas para cada unha das seguintes seis posibilidades gráficas: 1) hiato de vocais heterorgánicas con til de nasalidade sobre a vocal tónica: $\tilde{v}_{\text{het}}s$ (*capōes*); 2) hiato de vocais homorgánicas con til de nasalidade sobre a tónica: $\tilde{v}_{\text{hom}}s$ (*bēes*, *capōos*); 3) hiato de vocais heterorgánicas sen til de nasalidade sobre a vocal tónica:

29 O xénero feminino deste substantivo compróbase nunha pasaxe do doc. 51, en que se le “per outra costāa de parede” (CN 51.17-18). Os documentos 50 e 55, onde aparece *costán*, son do mesmo notario: Pero Soares; o 51, con *costāa* e *costaan*, é do notario Álvaro García.

30 Tamén *meā*: “hũa meā de lagar vella” (AP 2849).

31 Ignoro tanto o étimo coma o significado deste adxectivo.

32 Non rexistrei nas fontes consultadas ningunha voz coa terminación -ŪNES, como podería ser COMMŪNES. Algúns testemuños de *comūes* e de *comūues* en textos portugueses ofréceos Lorenzo (cf. TC: II, s.v. *comū*).

$\bar{v}v_{het}S$ (*capoes*); 4) vocal tónica sen til de nasalidade ou hiato de vocais homorgánicas sen til de nasalidade sobre a tónica: vs ou $vv_{hom}S$ (*bes, capos*; ou *bees, capoos*); 5) vocal tónica con til de nasalidade ou hiato con til de nasalidade sobre a segunda vocal: \bar{v} ou $v\bar{v}$ (*bēs, capōs*; ou *beēs, capoōs*); 6) vocal tónica seguida de consoante nasal non abreviada: $v + cnasal$ (*bens, capóns*), con posible existencia de vocal heterorgánica ou homorganica á esquerda (*capoens, beens, capoons*).

TÁBOA 11. OCORRENCIAS EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE IMPLOSIVA EN POSICIÓN FINAL DE PALABRA. TERMINACIÓNS LATINAS OU NON LATINAS -ĀNES, -ANIS, -ĒNES, -ENES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNIS E -ŪNOS

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	MS	CI
$\bar{v}v_{het}S$	74.5 %	81.5 %	36.5 %	61 %	58 %	58.5 %	17 %	32 %
$\bar{v}v_{hom}S$	21.5 %	11.5 %	46.5 %	37.5 %	39.5 %	37 %	51.25 %	22 %
$vv_{het}S$	2.5 %	1 %	5 %	1 %	1.5 %	3.5 %	19.5 %	0 %
vs ou $vv_{hom}S$	0.25 %	6 %	9 %	0 %	1 %	0 %	1.25 %	23 %
\bar{v} ou $v\bar{v}$	1 %	0 %	0.5 %	0 %	0 %	0.5 %	6 %	10 %
$v + cnasal$	0.25 %	0 %	2.5 %	0.5 %	0 %	0.5 %	5 %	13 %

TÁBOA 12. OCORRENCIAS EN TEXTOS NOTARIAIS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE IMPLOSIVA EN POSICIÓN FINAL DE PALABRA. TERMINACIÓNS LATINAS OU NON LATINAS -ĀNES, -ANIS, -ĒNES, -ENES, -ĪNES, -ŌNES, -ŌNOS, -ŪNES, -ŪNIS E -ŪNOS

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)	S. XVI (HG-P)
$\bar{v}v_{het}S$	13.5 %	47.5 % / 13 %	21 % / 14 % / 1 %	0 %
$\bar{v}v_{hom}S$	4 %	15 % / 69.5 %	48 % / 72 % / 50.5 %	25 %
$vv_{het}S$	17 %	8 % / 8.75 %	5.5 % / 2 % / 1.5 %	0 %
vs ou $vv_{hom}S$	54 %	22.5 % / 8.75 %	14 % / 10 % / 41.5 %	12.5 %
\bar{v} ou $v\bar{v}$	4 %	4.5 % / 0 %	8 % / 0 % / 4.5 %	6.25 %
$v + cnasal$	7.5 %	2.5 % / 0 %	3.5 % / 2 % / 1 %	56.25 %

De novo se torna evidente que en conxunto os textos notariais se mostran máis receptivos cós literarios e historiográficos ás solucións máis innovadoras (sobre todo a 3, a 4, a 5 e a 6), probablemente por os notarios estaren en xeral máis distantes do conservadorismo gráfico actuante sobre os escribas dedicados á produción, tradución ou copia de textos literarios ou historiográficos. Canto ás fontes da táboa 11, coído que se aprecia unha suba significativa das opcións 3, 4, 5 e 6 nos textos do século XV, pois representan un 31.75 nos MS e un 46 % na CI, cando a porcentaxe máis alta das obras dos séculos XIII e XIV é o da TC, con só un 17 %. Así mesmo, débese salientar un incremento significativo da opción 'v + cnasal' nos dous textos relixiosos do século XV, e particularmente na CI, onde representa un 13 %; ade-

mais, de considerarmos que as formas gráficas que responden á opción 5 representan tamén unha consoante nasal posnuclear, teríamos finalmente na CI un 23 % de casos que responderían a esta solución fonética, é dicir, exactamente a mesma porcentaxe que rexistramos para os resultados desnasalados do tipo de *posisoos* ou *Jajuus*. O incremento das solucións con consoante nasal implosiva en MS e mais en CI encontra a esperable correspondencia no que observamos para os textos notariais do século XVI, aínda que cómpre facer a advertencia de que a porcentaxe de casos de ‘v + nasal’ rexistrada para estes (un 56.25 %) está calculada sobre un total de só 16 ocorrencias, das que presentan o grupo consonántico <-ns> 9 (das que 8 se concentran nun documento pontevedrés de 1506). Sen dúbida, todas estas cifras reflicten —non coa fidelidade dun inquérito lingüístico, evidentemente— o progreso das mudanzas lingüísticas estudadas neste epígrafe durante a recta final da Idade Media.

Os testemuños máis antigos do grupo consonántico <-ns> non abreviado en posición final de palabra que recollín nesta exploración datan da segunda metade do século XIII. De aquí en diante o seu número vai en aumento, con significativos progresos nos séculos XV e XVI. Estes testemuños son os seguintes, distribuídos por séculos³³:

SÉCULO XIII: *bēns* (CSM 383.52)³⁴, *alfonsijns* (HG-P, p. 48, ano 1282, A Coruña), *beens* (HG-P, p. 141, ano 1292, Monterrei), *bens* (HG-P, p. 204, ano 1296, Tebra), *alfonsijns* (HG-P, p. 50, ano 1300, Sobrado).

SÉCULOS XIII-XIV: *arafeens* (TC 38.14), *arafēens* (TC 72.26), *araffēens* (TC 72.24), *arraffeens* (TC 38.12), *arrafēens* (TC 49.52), *arrafeens* (TC 38.15), *beens* (TC 281.6), *latījns* (TC 47.97), *Lians* (LP 87.10.14), *lūens* (TC 745.40), *uns* (TC 25.14). Cómpre saber que no manuscrito A₁ de TC tamén se len *garnjçōens*, *raçoens*, *rrasōens*, *rrazoēens*, *raçōeens* e *razoēens* (cf. TC: II, s.v. *guarniçō* e *razō*).

SÉCULO XIV: *bens* (HG-P, p. 59, ano 1367, Monfero), *rrazoens* (GE 7.5, 245.17), *fijns* (GE 17.10), *doens* (HT 27.33).

SÉCULO XV: *doons* (MS 50.11), *doens* (MS 218.2, 219.8), *matiins* (MS 63.10, 210.10), *beens* (CI, 5.2), *béens* (CI, 6.3), *Cijnz* (CI, 4.8, 6.9), *Çijns* (CI, 6.15), *Çjns* (CI, 6.15), *Entijns* (CI, 2.4), *confesoons* (CI, 6.6), *pelegrijns* (CI, 6.7), *condiçoens* (HG-P, p. 116, ano 1453, Lourenzà), *floríns* (AP 815)³⁵, *bēns* (CN 64.39, 64.46, ano 1493), *vens*

33 A estes rexistros pódenselles agregar aínda, polo menos, os contidos na documentación notarial do mosteiro de Montederramo transcrita por Ramón Lorenzo e aínda inédita, onde a forma máis antiga rematada en <-ns> que se pode mencionar é de 1302: *beens* (anos 1302, 1308, 1311, 1319, 1321, 1331, 1445, 1502, 1510), *bēns* (anos 1322, 1436), *bens* (anos 1323, 1413, 1505), *bēns* (ano 1344), *choupijns* (ano 1328), *condiçoens* (ano 1344), *condiçoens* (anos 1323, 1327, 1347, 1510), *condiçoens* (ano 1510), *condiçoens* (ano 1504), *jurdiçoens* (ano 1504), *Miguéns* (ano 1333), *oraçoens* (ano 1327), *oraçoens* (ano 1339), *paens* (ano 1340), *veens* ‘bens’ (ano 1504), *vēens* ‘bens’ (ano 1450). Xa dei noticia destes testemuños en Mariño Paz (1999: 73).

34 Tamén aparece o grupo <-ns> no topónimo *Seixons* (CSM 41.6, 61.6), galeguización do francés *Soissons*.

35 Lorenzo (1968, s.v. *florim*) rexistra *floríns* en textos administrativos galegos desde 1381.

(HG-P, p. 178, ano 1499, A Peroxa), *bens* (HG-P, p. 180, ano 1500, Ribadavia), *Sangens* (< GENESIUS) (HG-P, p. 179, ano 1500, Ribadavia)³⁶.

SÉCULO XVI: *beens* (HG-P, pp. 243, 244, ano 1506, Pontevedra), *bēens* (HG-P, p. 244, ano 1506, Pontevedra), *béens* (HG-P, pp. 243, 244, ano 1506, Pontevedra), *condiçõons* (HG-P, p. 244, ano 1506, Pontevedra), *Forjns* (HG-P, p. 126, ano 1502, Lugo), *sazõons* (HG-P, p. 243, ano 1506, Pontevedra).

O pronome *min* (< MIHĪ) e a conxunxión *nen* (< NEC), que aparecen desde o século XIII e seguen a aparecer posteriormente (cf. TC: II, s.v.), evidencian tamén que xa na dita centuria a resonancia nasal causada por unha consoante nasal explosiva dera paso a un apéndice consonántico posnuclear.

Aínda que neste artigo non pretendo en absoluto adentrarme en terreo tan espiñento coma o da dialectoloxía medieval, paréceme oportuno indicar que os datos tirados de textos notariais suxiren que as solucións con grupo [-ŋs] puideron darse no pasado ó leste da banda occidental en que hoxe se concentran: pénsese na súa presenza en documentos producidos na Coruña, Monterrei, Sobrado, Montederramo, Monfero, Lourenzá, A Peroxa ou Ribadavia. A este propósito só direi polo de agora, a xeito de hipótese necesitada da oportuna argumentación, que me parece posible que a constitución do grupo de consoante nasal + -s na marxe posnuclear da sílaba final de palabra tivese en tempos unha maior extensión xeográfica cá que presenta hoxe, para posteriormente pasar a -s nas falas centrais e orientais debido a unha simplificación da coda silábica (*bens* > *bes*, *condiçõons* > *condiçós*, etc.).

5. CASOS DE DESENVOLVEMENTO XENERALIZADO DUNHA CONSOANTE NASAL VELAR NA MARXE SILÁBICA POSNUCLEAR

Desenvolveuse xeneralizadamente unha consoante nasal velar posnuclear cando a primitiva nasalización vocálica e a posterior desaparición dunha consoante nasal intervocálica produciran os hiatos [õo] e [ũu]. Déronse estas condicións nos resultados das terminacións paroxítonas latinas -ONU(M), -ÖNU(M) e -ÛNU(M): SONU > *sõo* (CSM, GE, CT) > *son* (CSM, LP, HT, FT, HG-P), *som* (LP, GE, CT); PATRÖNU > **padrõo* > *padrón* (CSM, LP, CN), *padrõ* (HG-P, AP); ÛNU > *hũu* (CSM, LP, TC, CT...) > *hun* (CSM, LP, CT...), *hum* (LP, GE, CT, HT...).

36 A xeración de consoante nasal implosiva e a constitución do grupo consonántico [-ŋs] (tal vez [-ns]) tamén a evidencia o antropónimo *Fĩns* (MS 154.3), *Fijns* (CI, 4.3), que non conta con consoante nasal no seu étimo (FELÍCE). O mesmo cabe dicir, para a posición interior de palabra, de *maestre* (MAGISTER) (MS 223.3-4), que representa un paso máis alá respecto de *mēestre* e variantes, formas gráficas non infrecuentes nos nosos textos medievais que transparentan un antigo proceso de nasalización progresiva provocado pola consoante nasal inicial de palabra (véxanse algúns testemuños en TC: II, s.v. *maestre*).

¿Por qué nestes casos a consoante nasal implosiva se xerou xeneralizadamente? Cómpre reparar no feito de que, así como nas terminacións analizadas no epígrafe 4.2 a xeración de consoante nasal implosiva provocaba a formación de codas silábicas complexas, nas que agora se consideran non acontecía nada semellante³⁷. Nas primeiras, quitando o caso de $-\bar{A}NA > -\bar{a}a > -an$, un desenvolvemento do tipo mencionado desembocaba na constitución de codas que poderían presentar algunha das seguintes tres estruturas: 1) semiconsoante velar e consoante nasal (**irmaun*); 2) semiconsoante velar ou palatal, consoante nasal e consoante fricativa áptico-alveolar (**irmauns*, **cains*, **dragoins*); 3) consoante nasal e consoante fricativa áptico-alveolar (*irmáns*, *cans*, *dragóns*; ou *irmaons*, *caens*, *dragoens*). Non estraña que as dúas primeiras opcións resultasen inviables nin tampouco que a terceira se evitase nun considerable conxunto de falas mediante a eliminación ou a non xeración da consoante nasal, coa conseguinte simplificación da marxe silábica posnuclear (*irmás*, *cas* ~ *caes* ~ *cais*, *dragós* ~ *dragoes* ~ *dragois*). Non estraña, en definitiva, que as distintas solucións que triunfaron implicasen o rexeitamento de estruturas posnucleares complexas, unhas veces evitando a consoante nasal implosiva (*irmao-irmau*, *irmaos-irmaus*, *caes* ~ *cais*, *dragoes* ~ *dragois*), outras veces esixindo o bloqueo da semiconsoante, con ou sen desenvolvemento de consoante nasal (*irmán*, *irmáns*, *cans* ~ *cas*, *dragóns* ~ *dragós*). É certo que os femininos coma *irmán* (< *irmāa* < GERMĀNA) non contiñan codas silábicas complexas, mais é probable que alí onde se chegou a (*as*) *irmás* se constituíse un singular *irmá* analoxicamente, de modo que tales resultados femininos e singulares poderían non ser produto de impulsos exclusivamente fonéticos. Ademais, débese valorar debidamente o feito de que esta opción, ó igual có masculino *o irmá* ou o feminino *a ma*, implicaba a chegada a unha das estruturas silábicas máis simples e estables que se poden dar: vocal + consoante.

Fronte a todo isto, a xeración de consoante nasal nas terminacións analizadas neste epígrafe 5 creaba codas silábicas simples que se puideron manter sistemática e xeneralizadamente. Por outra parte, hipotéticas solucións coma **do*, **so*, **to* ou **u* (por *don* < DŌNU, *son*, *ton* < TONU e *un*) resultarían abertamente insatisfactorias porque o seu escaso corpo fonético tendería a facelas semanticamente opacas.

As representacións gráficas detectadas para estas terminacións nas fontes medievais exploradas alcanzaron as porcentaxes reflectidas nas táboas 13 e 14³⁸.

37 Véxase unha descrición das estruturas silábicas do galego actual en Freixeiro Mato (1998: 217-224). Para unha aproximación á historia das estruturas silábicas galegas cf. Mariño Paz (1999: 70-74).

38 Sobre *bon* (< BONU) afirma Lorenzo (1987: 485) que se debe “á circunstancia de que nos textos medievais galegos e portugueses alterna a forma plena *bōo*, que representa a evolución normal, coa variante apocopada *bon*, que sufriu a perda da vocal final e non da consoante intervocálica (de maneira idéntica ó que pasou en castelán entre a forma plena *bueno* e a apocopada *buen*)”. Para a P1 do presente de indicativo do verbo *seer* encontramos tanto formas do tipo *sōo* (CSM, LP, TC, CT, FT, HG-P, CN) e *soo* (LP, TC, CT, HT, FT, MS, CI, HG-P, CN), que fan pensar nunha base **SONO* con adición dunha desinencia $-O$ analóxica, coma formas do tipo de *son* (CSM, HG-P) ou *som* (GE, HG-P), que poden remitir directamente a SUM, mais sen que poida desbotarse a posibilidade de responderen á xeración dunha consoante nasal posnuclear a partir de *sōo*. Ante a dúbida, decidín prescindir destas formas á hora de confeccionar as táboas 13 e 14.

TÁBOA 13. OCORRENCIAS EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESENVOLVEMENTO XENERALIZADO DUNHA CONSOANTE NASAL VELAR NA MARXE SILÁBICA POSNUCLEAR. TERMINACIÓNS PAROXÍTONAS LATINAS -ONU(M), -ÖNU(M) E -ÜNU(M)

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	FT	MS	CI
<ōo>, <ūu>	10.25 %	6.5 %	97 %	66 %	2 %	5.5 %	83.5 %	92.5 %	5.5 %
<oo>, <uu>	0 %	0.25 %	0.25 %	0.5 %	0 %	0.5 %	0 %	0 %	0 %
<-ō> <-(u)ū> ³⁹	0.25 %	1 %	1.75 %	13.5 %	94 %	85.5 %	0 %	5 %	94.5 %
<-om, -on> <-um, -un>	89.5 %	92.5 %	1 %	20 %	4 %	8.5 %	16.5 %	2.5 %	0 %

TÁBOA 14. OCORRENCIAS EN TEXTOS NOTARIAIS. DESENVOLVEMENTO XENERALIZADO DUNHA CONSOANTE NASAL VELAR NA MARXE SILÁBICA POSNUCLEAR. TERMINACIÓNS PAROXÍTONAS LATINAS -ONU(M), -ÖNU(M) E -ÜNU(M).

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)	S. XVI (HG-P)
<ōo>, <ūu>	23 %	14 % / 95.5 %	18.5 % / 91.5 % / 99.5 %	40 %
<oo>, <uu>	20 %	3.5 % / 0 %	1.5 % / 0 % / 0 %	0 %
<-ō>, <-(u)ū>	32.5 %	66 % / 0 %	54 % / 7.5 % / 0 %	0 %
<-om, -on>	24.5 %	16.5 % / 4.5 %	26 % / 1 % / 0.5 %	60 %
<-um, -un>				

Non podemos falar nesta ocasión dunha progresión dos hábitos gráficos considerados cara ó afianzamento das solucións con grafema consonántico <m> ou <n>, pois mentres que en fontes antigas coma CSM e LP predominan case sen contestación as terminacións <-om, -on> e <-um, -un>, en textos posteriores coma TC, GE, FT, MS, CN ou AP hai preferencia manifesta por <ōo> ou <ūu>. Paréceme obvio que debemos adiviñar tras destes datos non diferencias de carácter fonético entre textos que xa reflectirían a xeración do apéndice nasal posnuclear e textos que aínda non o farían, senón diferencias entre os hábitos escriturarios dos distintos escribas ou mesmo, en certos casos, diferencias de criterio entre distintos editores modernos á hora de transcribiren determinados tiles. Pénsese, por exemplo, que un til situado por riba das dúas vocais dun hiato puido ser colocado por algúns editores sobre a primeira das vocais (o que engrosaría a opción <ōo>, <ūu>), mentres que outros, en idéntica tesitura, puideron poñer o til sobre a segunda vocal (o que viría a facer aumentar a opción <-ō>, <-(u)ū>, tan altamente representada en CT, HT, CI ou HG-P)⁴⁰. Para LP paréceme probable que dis-

39 Considéranse aquí formas coma *padrō*, *hū* ou *huū*.

40 É digno de ser tido en conta, por exemplo, o feito de que Souto Cabo, editor de CI, presenta unha primeira lectura que se aproximou en todo o posible ós hábitos gráficos actuais, e unha segunda en que tratou de respectar escrupulosamente a conformación material do texto, especialmente nos seus aspectos gráficos; pois ben, mentres que na segunda lectura predominan amplamente as solucións gráficas do tipo de *huū* ou *JaJuū*, na primeira a colocación dos tiles “foi regularizada sobre a vogal inicialmente nasalada” (CI, 46). Como ilustración da repercusión —non sempre importante— que as decisións dos editores poden ter sobre as análises que fago neste artigo poden servir tamén as seguintes palabras de Tato Plaza, editor de AP: “En casos como

tintos editores optasen por desenvolver como <m> ou como <n> os tiles que representaban unha consoante nasal implosiva.

Por outra parte, débense poñer de relevo as nulas ou irrelevantes porcentaxes que alcanzan as solucións con desnasalización <oo> e <uu>, coa única excepción dos documentos do século XIII de HG-P. O mantemento xeneralizado da nasalidade, aínda vocálica ou xa consoántica, faría pouco aconsellable esta opción para as terminacións aquí analizadas, de modo que en moitos dos casos en que si se presenta estaremos ante simples descoidos sen relevancia. Por outra parte, ó til podíasele conferir sen problemas tanto o valor de pura resonancia vocálica coma o valor consoántico, tanto se se mantiña rigorosamente o hiato (<ōo>, <ūu>) coma se este se reducía (<-ō>, <-ū>).

Finalmente, houbo desenvolvemento xeneralizado de consoante nasal velar posnuclear nos casos de nasalización progresiva habidos en MIHĪ, NEC e NEC ŪNU / NEC ŪNA (cando tratado como un grupo fónico, con sonorización de /-k-/), para os que temos solucións gráficas con consoante xa nas fontes do século XIII: *min* (CSM), *nen* (CSM, TC), *nengūu* (CSM, TC), *nengū* (CSM), *nengūa* (CSM), *nengūas* (HT), *ningūa* (CSM), *nĭngūa* (GE), etc. É obvio que o til frecuentemente utilizado en *mĩ*, *nē* ou *nēgun* debía de ter tamén desde as fontes do século XIII un xeneralizado valor consoántico.

6. CASOS DE DESENVOLVEMENTO (OU NON) DUNHA CONSOANTE NASAL NA MARXE SILÁBICA PRENUCLEAR

Este tipo de transformación deuse só coas vocais de máxima elevación: a palatal /i/, tónica ou átona, e a velar /ū/ tónica.

6.1. Consoante nasal palatal

No galego común, coma no portugués, xerouse unha consoante nasal palatal explosiva cando a vocal antigamente nasalizada foi un /i/, tónico ou átono, primario ou secundario (cf. Fernández Rei 1990: 64; Ferreiro 1995: 131, 135-137): MOLĪNU / -ŌS > *moĩos* (CSM) > *moĩno* (CT), *moĩnos* (TC), *moĩño* (HT), *moĩño* (CN, AP), *moyños* (HG-P), *muyño* (HG-P), *muyños* (HG-P), etc.; ŌRDINĀRE > *ordĩar* > *ordĩnar* (LP, TC)⁴¹; TENĒBAT > *tĩa* (CSM), *tĩa* (CSM) > *tiinna* (CSM), *tĩjna* (TC, CT), *tijña* (TC, CT, HG-P, CN, AP), *tiinha* (LP, TC), *tyña* (GE, HT, HG-P, AP), *tiña* (GE, HT, MS, HG-P), etc.; DĒNĀRIU > *dĩeiro* (CSM), *dĩeiro*

vijna cun único trazo por riba para a terceira persoa do plural podíamos optar por desdobra-lo sinal (*vijñā*) ou deixar só un para a consoante nasal final (*vijnā*); decidímonos por esta última con base na existencia no manuscrito de palabras con dobre trazo e da presenza da representación con *n* da nasal palatal /ɲ/ (AP, 81).

41 Distintas formas do paradigma deste verbo rexístranse tamén nestas e noutras fontes: *ordinho* (HG-P), *ordinaua* (TC), *ordinou* (CSM), *ordĩado* (CSM), *ordinnado* (CSM), *ordinhado* (LP), etc.

(LP) > *dinneiro* (CSM), *dinheiro* (LP), *diñeyro* (TC), *dineyro* (CT, HT, HG-P), *dineiro* (MS, CI, CN), etc. Non son poucos os indicios que nos permiten estar certos de que esta consoante nasal palatal explosiva xa se xerara en moitas falas galegas (e portuguesas) polo menos a mediados do século XIII. Maia (1986: 600) chama a atención sobre un documento de San Cibrao datado en 1258 en que se le *San Martinno* (HG-P, 70). No *Testamento de Estevo Pérez*, de 1260, lese xa *mina* (TEP, 4, 6, 6-7, 8...), un posesivo en que houbo inicialmente unha nasalización progresiva provocada pola consoante nasal inicial (MEAM > *mīa*) e en que o emprego do signo <n> non se pode atribuír a reminiscencias gráficas latinizantes, senón que necesariamente debe interpretarse como froito do desexo de representar graficamente unha efectiva consoante nasal; o mesmo cabe dicir de testemuños posteriores como *minna* (CSM), *miña* (LP), *minha* (LP, TC), *mjna* (TC, GE), *mjña* (TC, GE), *nyno / njño / nyño* (HT; lat. NĪDU), etc. Nas CSM son moitas as rimas que esixen asignar a <ĩ> e <ỹ> lecturas con consoante /j/ idénticas ás que demandan <in(n)> ou <yn(n)>: “Quand’ oyu aquesto sa madr’, a mesquīa, / cona mui gran coita que dele tīia / foi por el mui tost’ e trouxe-o aginna” (CSM 111.21-22-23; cf. tamén CSM 115.186-188-190-191, 247.31-32-33, 301-25-27, 310-29-30, 310.34-35, etc.). Abunda na mesma impresión o feito de neste texto ser frecuente que alí onde E presenta <ĩ> ou <ỹ> outros manuscritos teñan <in(n)> ou <yn(n)>, e viceversa. Finalmente, non poden quedar dúbidas cando vemos que os descendentes do substantivo VĪNEA(S), con antiga palatalización da consoante nasal seguida de iode, se representan nas CSM non só por medio de formas coma *vinnas* e *vynna(s)*, senón tamén coas solucións *vña* (161.20, 161.33, 321.53), *vñas* (352.31), *vñas* (325.55, 325.60). Non requiriría grande esforzo engadir a estas outras evidencias semellantes.

Os datos recadados nas fontes exploradas non permiten establecer diferencias cronolóxicas entre o acontecido nas posicións átonas e o acontecido na tónica, salvo nun caso: os tempos do tema de perfecto do verbo *vīir*, para os que non detectei ningunha ocorrencia de consoante nasal inequivocamente representada (*viñestes*, *viñera*, *viñese*, *viñer...*), senón unicamente formas con hiato, nasalizado ou non (*vēestes*, *veestes*, *viestes*, *vier...*). Creo que isto aconsella postular para a consoante /j/ deste lexema do galego moderno *vir* non só unha cronoloxía distinta, senón tamén unha orixe diferente da unanimemente aceptada para as outras formas contempladas neste epígrafe, unha orixe que probablemente non responderá a un impulso exclusiva ou primordialmente fonético. Mais esta cuestión demanda un tratamento demorado que non lle podó dispensar neste artigo. Quede, por tanto, para outra ocasión.

Nas táboas 15 e 16 presento conxuntamente as solucións gráficas rexistradas para a escriturización das secuencias fónicas aquí tratadas, coa exclusión, obviamente, das contidas nas formas do tema de perfecto de *vīir*.

TÁBOA 15. OCORRENCIAS EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE NASAL PALATAL NA MARXE SILÁBICA PRENUCLEAR

	CSM	LP	TC	GE	CT	HT	FT	MS	CI
<ĩ, ỹ, ĵ>	49.5 %	4 %	1 %	0 %	22 %	0 %	22 %	14 %	0 %
<i, y, j>	1 %	0 %	0 %	0 %	0 %	1 %	0 %	0 %	0 %
<in, yn, jn>	8.5 %	1.5 %	90 %	44 %	52.5 %	28.5 %	78 %	72 %	79.5 %
<inn, ynn, jnn>	41 %	0 %	0 %	0.5 %	0.5 %	0 %	0 %	0 %	0 %
<iñ, yñ, ĵñ>	0 %	3 %	6 %	55.5 %	25 %	70.5 %	0 %	14 %	20.5 %
<inh, ynh, jnh>	0 %	91.5 %	3 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %

TÁBOA 16. OCORRENCIAS EN TEXTOS NOTARIAIS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE NASAL PALATAL NA MARXE SILÁBICA PRENUCLEAR

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)	S. XVI (HG-P / CN)
<ĩ, ỹ, ĵ>	5.5 %	5.5 % / 35.5 %	5.5 % / 18.5 % / 1.25 %	0 % / 0 %
<i, y, j>	0.5 %	0 % / 0 %	0 % / 0 % / 0.25 %	0 % / 0 %
<in, yn, jn>	75.5 %	57 % / 35.5 %	47 % / 28.5 % / 22 %	64.5 % / 75 %
<inn, ynn, jnn>	1 %	0.5 % / 0 %	0 % / 0 % / 0 %	0 % / 0 %
<iñ, yñ, ĵñ>	15.5 %	36 % / 29 %	47.5 % / 53 % / 76.5 %	35.5 % / 25 %
<inh, ynh, jnh>	2 %	1 % / 0 %	0 % / 0 % / 0 %	0 % / 0 %

Non farei unha análise grafemática dos datos reflectidos nestas dúas táboas, por non ser ese un dos obxectivos que persigo con este traballo. Soamente direi que a única fonte que non mostra un incontestable triunfo das opcións que utilizan un grafema ou un dígrafo consonántico (<n>, <nn>, <ñ> ou <nh>) é CSM, texto en que con todo, como xa dixeran, as solucións gráficas <ĩ, ỹ, ĵ> parecen reflectir unha consoante nasal. Estou convencido, pois, de que no século XIII, e probablemente antes, xa se xerara en galego unha consoante nasal palatal explosiva nos contextos fonéticos analizados neste epígrafe. As considerables porcentaxes da opción <ĩ, ỹ, ĵ> que se encontran en tres fontes dos séculos XIV e XV (CT, MS e CN) explícanse fundamentalmente pola alta frecuencia de aparición do posesivo *mīa*, para o que o correspondente étimo latino dictaba formas gráficas carentes de grafema consonántico; tam pouco é desdeñable a frecuencia con que este posesivo se emprega sen consoante gráfica nos documentos do XIII, o XIV e o XV de HG-P. Os datos de FT son pouco significativos porque o número de ocorrencias sobre as que se calcularon é extremadamente baixo. Finalmente, a opción desnasalizada (<i, y, j>) alcanza porcentaxes insignificantes, concordantes coa excepcionalidade dos resultados do tipo de *galía* (< GALLĪNA) no galego actual.

6.2. Consoante nasal velar

Na maioría das falas galegas xerouse unha consoante nasal velar explosiva a partir das antigas formas nasalizadas procedentes de $\bar{U}NA$ (> *hũa*), *ALIC $\bar{U}NA$ (> *algũa*) e NEC $\bar{U}NA$ (> *nẽhũa*, *nengũa*, etc.), sendo *ũa* e *úa*, entre outras, solucións actualmente minoritarias (cf. Fernández Rei 1990: 69). Non cabe dúbida de que o contexto fonético, con vocal tónica velar e nasalizada, propiciou a xeración deste resultado, mais debe valorarse tamén a importancia que nesta transformación tiveron os factores morfolóxicos: en xeral o substantivo *lũa* (< L $\bar{U}NA$) non se transformou en *lunha* porque non contaba co referente dun masculino **lun* [lũŋ], ó paso que para a constitución de *unha* (e de *algunha* e *ningunha*) debeu de actuar como factor coadxuvante o modelo masculino representando por *un* [ũŋ] (ou por *algún* e *ningún*)⁴². Esta hipótese, para min moi verosímil, reforza a miña suposición de que foi antigo o desenvolvemento de consoante nasal velar implosiva nas terminacións galegas procedentes das latinas -ONU(M), - $\bar{O}NU$ (M) e - $\bar{U}NU$ (M).

As porcentaxes das distintas solucións gráficas detectadas para *hũa*, *algũa* e *nẽhũa* conségnanse nas táboas 17 e 18:

TÁBOA 17. OCORRENCIAS EN TEXTOS LITERARIOS E HISTORIOGRÁFICOS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE NASAL VELAR NA MARXE SILÁBICA PRENUCLEAR

	CSM	LP	TC ⁴³	GE	CT	HT	MS	CI
<i>ũa</i>	99.25 %	84 %	98.5 %	99.5 %	100 %	99 %	98 %	100 %
<i>ua</i>	0.5 %	1 %	0.65 %	0.5 %	0 %	1 %	2 %	0 %
<i>una</i>	0.25 %	2.5 %	0.65 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %
<i>unha</i>	0 %	12.25 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %
<i>uma</i>	0 %	0.25 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %
<i>ũa</i>	0 %	0 %	0.2 %	0 %	0 %	0 %	0 %	0 %

42 Creo que esta explicación non se ve menoscabada nin polo insólito resultado *lunha* que Costas González (1992: 91) detectou nas falas de orixe galega do noroeste cacereño, nin polo feito de en portugués existir dialectalmente *luma* (< L $\bar{U}NA$), nin tampouco porque o antigo substantivo *azcũa* (CSM, CT, HT), *azcõa* (CSM), *ascũa* (CT, HT), *ascũas* (CT), de etimoloxía incerta, apareza nalgúns dicionarios portugueses modernos como *ascuma* 'pequena lanza' (mais tamén como *ascuna* ou *ascunha*). Tanto *lunha*, coma *luma* e *ascuma* son formas minoritarias que en absoluto poden alterar a validez das hipóteses formuladas para as solucións maioritarias.

43 Integrei na solución *ũa* un *vãs* (TC 60.17) en que a colocación do til sobre a vocal posterior á tónica se debeu de producir por un simple descoído. O 0.2 % de *ũa* en TC correspóndese realmente a dúas ocorrencias de *vũa* (33.7, 40.26). Débese ter presente que, aínda que nas táboas se representan as distintas solucións gráficas utilizando o grafema <u>, nalgúns textos utilizouse minoritariamente tamén o grafema <v> con valor vocálico.

TÁBOA 18. OCORRENCIAS EN TEXTOS NOTARIAIS. DESENVOLVEMENTO (OU NON) DE CONSOANTE NASAL VELAR NA MARXE SILÁBICA PRENUCLEAR

	S. XIII (HG-P)	S. XIV (HG-P / CN)	S. XV (HG-P / CN / AP)	S. XVI (HG-P)
ũa	57 %	83.5 % / 100 %	85 % / 100 % / 82 %	63 %
ua	24.5 %	9 % / 0 %	4.5 % / 0 % / 18 %	0 %
una ⁴⁴	13.5 %	7.5 % / 0 %	10.5 % / 0 % / 0 %	36.5 %
ũa	2.5 %	0 % / 0 %	0 % / 0 % / 0 %	0 %
umha	2.5 %	0 % / 0 %	0 % / 0 % / 0 %	0 %

Está claro que a norma gráfica medieval era nestes casos a consignada nestas táboas en primeiro lugar. A relativa excepción que a este respecto parece representar LP seguramente estará vinculada cos criterios de transcripción utilizados por algúns editores de cantigas ou poetas medievais; o que se observa nos documentos do século XIII contidos en HG-P creo que se explica se temos en conta que se produciron nun momento en que a escrita en romance estaba aínda nun momento auroral, sen pautas gráficas firmemente asentadas en diversos aspectos. En todo caso, nada nos impide postular que xa na Idade Media a solución gráfica <ũa> podía perfectamente representar a substancia fónica dos resultados con consoante nasal velar explosiva ([uŋã]), moito antes de que Sarmiento os describise a mediados do século XVIII (cf. CVFG, 165; Mariño Paz 1998: 270).

7. CASOS DE XERACIÓN (OU NON) DO GRUPO CONSONÁNTICO HETEROSILÁBICO /ŋ'g/ OU /ŋg/

A consoante nasal velar xerada a partir da primitiva solución **fũeiro*, proveniente de FŪNĀRIU, reforzouse na maioría das falas galegas cunha consoante oclusiva tamén velar que, situada en posición preuclear, pode presentar hoxe as variantes fonéticas asociadas ó fenómeno da gheada (cf. ALGa 3, mapa 259). As documentacións máis antigas que podo ofrecer para esta transformación non son medievais, senón de mediados do século XVIII: *fungueiro* (CVGR 832.4), *fungueiros* (CVFLG). Menos estendidas se presentan outras solucións: *fumeiro* (CVFLG), en que prevaleceu o carácter labial da vocal nasalizada, *fueiro*, con desnasalización completa, e *fuñeiro*, para a que carezo de explicación convincente. Creo que é significativo que o reforzo consonántico explosivo se desenvolvese só despois da consoante nasal velar, e non trala bilabial nin trala palatal: foneticamente, as consoantes nasais velares son máis débiles cás bilabiais, alveolares e palatais.

44 Por veces o uso do grafema <n> combinouse coa colocación de til sobre a vocal anterior: *algũnas* (HG-P 172), *vna* (HG-P 120), etc.

Triunfou o mesmo reforzo consonántico nalgunhas palabras formadas coa adición do prefixo IN-. É o caso de IN-ADDERE, para o que nas fontes medievais consultadas encontrei solucións sen consoante nasal intervocálica (mais con til ou sen til), solucións con <-n-> e solucións com <-m->: *ēader* (CT, 525.36), *eadia* (MS 34.1), *ēadendo* (CSM 20.45) / *enader* (CSM, 414.3), *enade* (GE, 124.25), *enadeo* (HT, 25.31), *enadeu* (TC 307.19, 311.18, 830.22), *en adeos* (GE 26.17), *enaderō* (GE, 81.14), *enada* (LP, 120.35.10), *enade* (HT, 28.8), *enadendo* (TC 815.21) / *em ader* (GE, 36.20), *emaderō* (GE, 82.16). Creo que as solucións do primeiro tipo descansan sobre a realización de IN-ADDERE nun único grupo fónico, coa vocal inicial seguida de consoante nasal heterosilábica, porque só nese caso se produciría a desaparición da consoante intervocálica, que se realizaría como alveolar e explosiva. Polo contrario, as outras dúas fan pensar na existencia dunha pausa despois do prefixo IN-, polo que a consoante nasal sería entón implosiva e homosilábica respecto da vocal anterior, cunha realización maioritariamente velar, como fai supoñer o resultado común do galego moderno: *engadir* (cf. ALGa 3, mapa 244). É probable que o grafema <n> dos rexistros medievais anotados remitise xa a unha lectura con /ŋ/; canto ó reforzo consonántico prenuclear, dá a impresión de que, aínda que fose unha innovación con raíces medievais, a súa xeneralización produciuse posteriormente. *Emader* foi solución máis frecuente nos textos portugueses ca nos galegos, presentada como anticuada por Duarte Nunes de Leão en 1606 (cf. TC: II, s.v.).

Tamén se chegou ó grupo consonántico /ŋg/ nas voces *engalar* (< IN-ALĀRE) (ALGa 3, mapa 277) e *engorde* (< IN ŪRDINE).

8. OS RESULTADOS DAS FALAS DO VAL DO XALMA OU VAL DO RÍO ELLAS

Neste val do noroeste estremeño están situadas tres localidades en que aínda hoxe se fala unha variedade lingüística procedente da alí levada por colonos galegos no século XIII. Falo dos lugares de Sa Martín de Trevellu, As Ellas e Valverdi do Fresnu (de nome oficial español San Martín de Trevejo, Eljas e Valverde del Fresno), enclavados nunha grande área (sur de Salamanca, norte de Cáceres e a faixa oriental da Beira Baixa portuguesa) en que antigamente se asentaron importantes contixentes de colonos procedentes do noroeste ibérico. Na miña opinión, a orixe e a posterior evolución histórica destas falas explicounas de forma sintética e convincente Carrasco González (2000: 151): “las hablas de Jálama, cuyo origen es el de un gallego medieval aquí transplantado, debieron recibir ya desde el siglo XIII algunos sedimentos del aluvión leonés, alguna influencia por contacto con el portugués de la Beira interior, el indudable influjo del español meridional, cada vez más acentuado según corría el tiempo, y, en época moderna (a través de la escolarización obligatoria y de los medios de comunicación), la evidente influencia de la lengua oficial, hasta dar como resultado las hablas que hoy conocemos”.

Pois ben, os resultados procedentes da desnasalización vocálica que nestas falas se encontran (*soar, ducia* ou *udia, cadea; verán, man; mañan, ran; veráns* ou *verás, ladróns* ou *ladrós ~ lairós, uns* ou *us; camiñu, galiña; unha*) (cf. Costas González 1992: 91-92; 1999: 92-93) invitan a pensar que xa no século XIII, cando un grupo de galegos se desprazou ata aquelas zonas para contribuír a repoboalas, os distintos cambios implicados pola desnasalización vocálica galega estarían, se non consumados, si tal vez nunha incipiente máis ou menos consolidada que acabaría conducindo a resultados enteiramente parangonables nas terras galegas e no mencionado val do noroeste estremeño. Esta coincidencia de resultados resulta máis comprensible se pensamos que o romance galego daqueles núcleos de repoboadores tiña xa en marcha esta mudanza lingüística, que estaría avanzando nunha dirección xa definida e demograficamente estendida: naquel romance, na propia fala individual de cada un daqueles colonos e na de moitos dos galegos da época, tal vez aínda alternarían as formas conservadoras, caracterizadas polas antigas resonancias nasais, coas innovadoras, que incorporarían solucións con completa desnasalización ou ben coa xeración dunha consoante nasal prenuclear ou posnuclear. Esta hipótese está en perfecta liña de concordancia cos datos históricos que se poden extraer dalgúns fontes galegas medievais, pois xa nas do século XIII se encontran solucións graficamente desnasaladas, solucións escritas co grupo consonántico <-ns> ou con <-s> na marxe posnuclear da sílaba (coa consoante nasal non abreviada, senón desenvolvida), ou ben con <in>, <inn>, <inh> ou <mh> na marxe prenuclear. Trataríase, pois, dunha situación enteiramente equiparable co que estamos afeitos a ver nunha multitude de mudanzas lingüísticas actualmente en marcha: a substitución das formas vellas polas novas esixe un período de tempo máis ou menos prolongado pero nunca breve, de xeito que a convivencia entre as tradicións novas e vellas adoita producirse durante a vida de varias xeracións de falantes. En todo caso, dá a impresión de que xa no século XIII as tradicións novas se estaban impondo no tocante á desnasalización vocálica galega e á súa substitución por solucións completamente desnasaladas ou por solucións con xeración de consoantes nasais prenucleares ou posnucleares.

Creo, en definitiva, que os datos e reflexións que ata aquí expuxen permiten afirmar que existen indicios suficientes para afirmar a validez da que enunciéi como a miña hipótese de partida: en galego as solucións fonéticas derivadas do proceso de desnasalización vocálica comezaron a darse mesmo antes do século XIII e debían de presentar un alto grao de consolidación e xeneralización ó iniciarse o XVI.

9. A MANIFESTACIÓN GRÁFICA DA DESNASALIZACIÓN VOCÁLICA. MUDANZA FÓNICA E MUDANZA GRÁFICA

Como fomos vendo a través das páxinas deste artigo, as vías evolutivas que se abriron para as primitivas vocais nasais do galego foron fundamentalmente tres: a desnasalización

completa, a xeración de consoante nasal implosiva e a xeración de consoante nasal explosiva. Unha análise comparativa das porcentaxes relativas á manifestación gráfica dos dous primeiros tipos de mudanza mencionados podería conducir á conclusión de que, en xeral, a xeración de consoante implosiva foi máis tardía cá desnasalización completa, xa que, mentres que para esta as cifras son polo común significativas desde os textos máis temperáns (e en casos coma os das táboas 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8 francamente elevadas), para aquela só se producen incrementos dignos de seren destacados a partir das fontes do século XV, e particularmente nos casos contemplados nas táboas 11 e 12. Dáse incluso a circunstancia de que o incremento da opción 'v + cnasal' na táboa 9 é practicamente nulo entre o século XIII e o XV.

Na miña opinión, esa conclusión sería errónea. Creo que, máis ca un atraso do desenvolvemento de consoante nasal implosiva respecto da desnasalización completa, o que debeu de acontecer foi que cada un destes dous tipos de mudanza fonética tivo unha particular manifestación no plano gráfico. Este distinto tratamento puido deberse tanto a un diferente grao de percepción dos cambios por parte dos escribas coma ó feito de que cada unha destas mudanzas orixinaría distintos problemas de adecuación fónico-gráfica no momento da escritura. A desnasalización completa probablemente foi percibida con moita nitidez por un número elevado de letrados e desde moi antigo, xa que o que había no fondo dela era unha simple oposición dicotómica 'nasal / non nasal'; tal percepción resultaría particularmente clara nas posicións átonas. Por outra parte, a desnasalización completa convertía en totalmente superfluo o til de nasalidade, xa que a este trazo non se lle podía asignar ningún valor fonético cando se empregaba con palabras que non tiñan nin vocais cunha resonancia nasal apreciable nin apéndices consonánticos nasais xerados na marxe implosiva dunha sílaba. Fronte a isto, coído que sería máis difícil discernir unha vocal con resonancia nasal dunha vocal seguida dun apéndice consonántico nasal, sobre todo en posicións tónicas finais de palabra coma as das táboas 9, 10, 11 e 12: non se trataría aquí de distinguir simplemente o nasal do non nasal, senón de diferenciar claramente entre dous tipos de nasalidade. A permanencia inercial das tradicións gráficas herdadas contribuiría ademais a obstaculizar a percepción da innovación lingüística, xa que as vellas solucións gráficas (<-ã(s), -ãa(s), -ães, -ões, -õs...>) poderían representar tanto vocais con resonancia nasal coma vocais seguidas de consoante nasal. O til podía asumir a representación de ambas as formas de nasalidade.

Así mesmo, este signo gráfico admitía sen problemas unha lectura con consoante nasal velar implosiva nos casos contemplados nas táboas 13 e 14 (*padrõ, h(u)ũ*) ou unha lectura con consoante nasal velar explosiva nos casos das táboas 17 e 18 (*hũa*). A meu parecer, a omisión do til nas fontes exploradas, se está xeneralizada, soamente pode explicarse como consecuencia dunha subxacente desnasalización vocálica, mentres que o seu mantemento maioritario se deberá relacionar coa permanencia da nasalidade, fose esta aínda vocálica ou xa consonántica.

Nos inicios do século XVI quebrouse definitivamente a tradición gráfica galega que xermolara durante a Idade Media, unha tradición que, se non chegou a ser propiamente autónoma

respecto da de León e Castela, polo menos adornouse dalgunhas particularidades esixidas por determinadas características do romance galego. Desde entón, e durante centos de anos, o sistema gráfico que os letrados galegos pasaron a usar como propio non foi outro có do idioma castelán, que, por moi necesitado de reformas, axustes e simplificacións que daquela estivese, ofrecía un modelo en que non se utilizaban os tiles de nasalidade coma se utilizaran no galego porque durante o Medioevo non chegaran a desenvolverse vocais con resonancia nasal e subseguinte eliminación de consoante no romance de Castela, ó xeito do que acontecera co romance galaico. A partir do século XVI, máis ou menos, o sistema gráfico que empregaban puido condicionar a percepción da substancia fónica do galego que terían os poucos letrados de Galicia que do XVI ó XIX escribiron algo na lingua que case todos eles falaban a cotío. Non descarto que a adopción do sistema gráfico castelán puidese incluso condicionar a pronuncia galega dalgúns. Ademais, cando excepcionalmente un dos esporádicos textos en galego da Idade Moderna chegaba a publicarse, as imprentas ás que se lles confiaban carecerían comunmente dos medios técnicos necesarios para imprimiren tiles de nasalidade. Ó meu modo de ver, todo isto contribuiría a explicar que, chegándose ós inicios do século XVI con tan elevadas porcentaxes de uso de tiles de nasalidade nos contextos das táboas 9, 10, 11 e 12, os textos en lingua galega esporadicamente producidos nos anos e séculos seguintes pasasen a presentar con moita sistematicidade formas gráficas do estilo das que vemos en *mao* (SG, 6), *lan* (CAS, 43), *estazos* (CAS, 48), *mans* (EF, 2 r.), *chan* (CVGR, 1.1, 1.3.) ou *roxons* (CVGR, 228.4).

O investigador en fonética histórica debe manterse en permanente estado de vixilancia ante o risco de confundir os sistemas gráficos convencionais cos alfabetos fonéticos utilizados modernamente para facer transcricións fonéticas e fonolóxicas.

FONTES EXPLORADAS

- ALGa 2: Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 2: *Morfoloxía non verbal*. 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- ALGa 3: Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas lingüístico galego*. Vol. 3: *Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- AP: F. R. Tato Plaza (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega / Ilustre Colexio Notarial da Coruña.
- CAS: R. Mariño Paz (1999): “As coplas ó Apóstolo Santiago de Martín Torrado (ca. 1627). Edición e estudo lingüístico”, in M. T. García-Sabell Tormo et alii (coords.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 481-503.

- CI: R. Vasquez (2001): *Crónica de Santa Maria de Íria*. Estudo e edizón de José Antonio Souto Cabo. Santiago: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Ediciós do Castro.
- CN: M. C. Barreiro García (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- CSM: W. Mettmann (ed.) (1959-72): Alfonso X: *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. Coimbra: Acta Universitatis Conimbricensis. Reed.: Vigo, Ed. Xerais de Galicia, 1981 (2 vols.).
- CT: R. Lorenzo (ed.) (1985): *Crónica Troiana. Introduccion e texto*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- CVFG: Fr. M. Sarmiento (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Universidad de Salamanca
- CVFLG: Fr. M. Sarmiento, Fr. M. (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Universidad de Salamanca.
- CVGR: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinteatro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- EF: R. Mariño Paz (1997): “Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671)”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do Norte de Portugal* 1, s.p.
- FT: J. L. Pensado Tomé (ed.) (1962): *Fragmento de un “Livro de Tristán” galaico-portugués*. Santiago: Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Anexo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*). Tamén se tivo en conta a edición de P. Lorenzo Gradín / J. A. Souto Cabo (coords.) (2001): *Livro de Tristan e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- GE: R. Martínez López (ed.) (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O.I.I. del Escorial*. Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de ——. Oviedo: Publicaciones de *Archivum*, Universidad. Tivéronse en conta as correccións de R. Lorenzo / X. L. Couceiro (1999): “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)”, in R. Álvarez / D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627; e R. Lorenzo / X. L. Couceiro (1999): “Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)”, in X. L. Couceiro et al. (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 209-233.
- GVGH: C. García (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba, Anuario Galego de Filoloxía*. Universidade de Santiago de Compostela.

- HG-P: C. de Azevedo Maia (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referêncía à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- HT: K. M. Parker (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Edición e introducción de ——. Santiago: Instituto “Padre Sarmiento”. Tivéronse en conta as correccións de R. Lorenzo (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba* 9, pp. 253-290.
- LP: M. Brea López (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Corpus completo das cantigas medievas, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.
- MS: J. L. Pensado Tomé (ed.) (1958): *Os Miragres de Santiago. Versión gallega del Códice latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*. Madrid: C.S.I.C. (Anexo LXVIII da *Revista de Filología Española*).
- SG: P. Vázquez de Neira (1612): “SONETO GALLEGO de el Licenciado Pedro Bazquez de Neyra”, in J. Gómez Tonel: *Relacion de las exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Magestad de la Reyna D. Margarita de Austria, Nuestra Señora*. Santiago de Compostela: Joan Pacheco. Ed. facsímil (con prólogo de Y. Barriocanal López). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1997, p. 160.
- TC: R. Lorenzo (ed.) (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de ——. 2 vols. [vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol. 2: Glosario, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TEP: J. A. Souto Cabo (1996): “O ‘Testamento de Estêvão Peres’ (1230). Aproximación à primeira escrita galego-portuguesa na Galiza”, *Revista de Filología Románica* 13, pp. 123-149.
- USC: M. X. Justo Martín / M. Lucas Álvarez (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237 / 1537)*. Edición diplomática. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

BIBLIOGRAFÍA

- Carrasco González, J. M. (2000): “Las hablas de Jálama entre los dialectos fronterizos extremeños”, in A. Salvador Plans / M. D. García Oliva / J. M. Carrasco González (coords.): *Actas del I Congreso sobre A Fala (20 y 21 de mayo de 1999, Eljas – San Martín de Trevejo – Valverde del Fresno)*. Mérida: Junta de Extremadura, pp. 143-156.

- Cintra, L. F. Lindley (1990): “Sobre o mais antigo texto não literário português: *A Notícia de Torto* (leitura crítica, data, lugar de redacção e comentário linguístico)”, *Boletim de Filologia* 31, pp. 21-77.
- Costas González, X. H. (1992): “Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do val do río das Ellas”, *Cadernos de lingua* 6, pp. 85-107.
- Costas González, X. H. (1999): “Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O ‘galego’ do Val do Río Ellas (Cáceres)”, in F. Fernández Rei / A. Santamarina Fernández (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades romanizadas*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 83-106.
- DCECH: J. Corominas / J. A. Pascual (1987/1989/1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- Emiliano, A. (1999): “O mais antigo documento latino-português (882 a.D) -edição e estudo grafémico-“, *Verba* 26, pp. 7-42.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laivento.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega. I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Lorenzo, R. (1968): *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Português (Anotações ao Dicionário etimológico de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo, R. (1982): “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba* 9, pp. 253-290.
- Lorenzo, R. (1987): “Algunhas consideracións sobre a *História do Galego-Português* de Clarinda de Azevedo Maia”, *Verba* 14, pp. 441-488.
- Lorenzo, R. (1988): “Consideracións sobre as vocais nasais e o ditongo -ão en portugués”, in D. Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85.º aniversário*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag / Instituto de Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, pp. 289-326.
- Lorenzo, R. (1993): “Algunhas consideracións sobre a evolución do sistema consonántico do galego medieval ó moderno”, in J. Kabatek / A. Schönberger (Hrsg.): *Sprache, Literatur und Kultur Galiciens. Akten des 2. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik un Katalanistik (Berlin, 10.-12. September 1992)*. Lusitanischer Teil, Bd. 1. Frankfurt am Main: TFM / Domus Editoria Europaea, pp. 13-26.
- Lorenzo, R. (1995): “La koiné gallega”, in G. Holtus / M. Metzeltin / Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 2, 2: *Die einzelnen romanischen Sprachen und Sprachgebiete vom Mittelalter bis zur Renaissance / Les différentes langues romanes et*

- leurs régions d'implantation du Moyen Âge à la Renaissance. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 649-679.
- Lorenzo, R. / X. L. Couceiro (1999a): "Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (I)", in R. Álvarez / D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1, pp. 595-627.
- Lorenzo, R. / X. L. Couceiro (1999b): "Correccións á edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López (II)", in X. L. Couceiro et al. (eds.): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, vol. 2, pp. 209-233.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Mariño Paz, R. (1999): "Os reflexos do grupo consonántico latino /ks/ no galego medieval", *Verba* 26 (1999), pp. 43-79.
- Moralejo Lasso (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- Pérez, J. I. (1982): "Observaciones en torno a la desaparición de la -N- intervocálica en gallego", *Verba* 9, pp. 201-213.
- Sampson, R. (1999): *Nasal vowel evolution in Romance*. Oxford / New York: Oxford University Press.
- Sletsjõe, L. (1959): *Le développement de l et n en ancien portugais. Étude fondée sur les diplômes des Portugaliae Monumenta Historica*. Oslo / Paris: Presses Universitaires d'Oslo / Boyveau & Chevillet.
- Sletsjõe, L. (1966): "Nombre y lumbre – nome y lume. Las desinencias latinas -men y -minem en español y portugués", *Zeitschrift für Romanische Philologie* 82, 3-4, pp. 275-297.
- Souto Cabo, J. A. (1996): "O 'Testamento de Estévã Peres' (1230). Aproximación à primeira escrita galego-portuguesa na Galiza", *Revista de Filología Románica* 13, pp. 123-149.
- Veiga Arias, A. (1983): *Algunas calas en los orígenes del gallego*. Vigo: Galaxia.
- Williams, E. B. (1975): *Do latim ao português. Fonologia e morfologia históricas da língua portuguesa*. 3ª ed. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro; 1ª ed.: 1961. Ed. orixinal: *From Latim to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Pennsylvania / Oxford: University of Pennsylvania Press / Oxford University Press, 1938.